



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Área / Unidade REHABILITACION Y VIVENDA RV1000	Documento 10619I01BD	
Código de verificación  3C63 0D6P 2R0K 0I0Q 1BWC	Expediente 106/2025/20	
	Fecha 19-05-2025	

ÍNDICE

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA ACTUACIONS DE REHABILITACION INCLUIDAS NO PROGRAMA DE AXUDA AS ACTUACIONS DE REHABILITACION A NIVEL DE BARRIO DO PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNION EUROPEA – NEXTGENERATIONEU, NAS CONTORNAS DE REHABILITACION PROGRAMADA (ERRP) DECLARADAS NO CONCELLO DA CORUÑA......4

1. OBXECTO E FINALIDADE	4
2. BASES REGULADORAS E NORMATIVA DE APLICACION	5
3. CRÉDITOS ORZAMENTARIOS E CONTÍA DA CONVOCATORIA	7
4. REQUISITOS DAS ACTUACIONS SUBVENCIONABLES	7
5. CUSTO SUBVENCIONABLE E CONTÍA DAS AXUDAS	11
5.1. Custo subvencionable	11
5.2. Contía da axuda básica	12
5.3. Axuda adicional por vulnerabilidade económica	13
6. PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS. DESTINATARIAS ÚLTIMAS	15
7. AXENTE OU XESTOR DA REHABILITACION	17
8. PROCEDEMENTO DE CONCESION	18
9. CRITERIOS DE CLASIFICACION	19
9.1. XERAIS :	19
9.2. ADICIONAIS :.....	20
9.2.1. PARA O ERRP “CIDADE VELLA E PEIXARÍA”	20
9.2.2. PARA O ERRP “BARRIO DAS FLORES” E O ERRP “GRUPO CASAS DE FRANCO – VENTORRILLO”	20
9.3. DOCUMENTACION NECESARIA PARA A VALORACION DOS CRITERIOS DE CLASIFICACION	21
10. SOLICITUDES, DOCUMENTACION E PRAZOS	21



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE VIVIENDA
Y AGENDA URBANA



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

10.1.	PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.....	21
10.2.	SOLICITUDE.....	21
10.3.	DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.....	24
10.4.	COMPROBACIÓN DE DATOS.....	31
10.5.	TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.....	32
11.	PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN.....	32
11.1.	ÓRGANOS ADMINSTRATIVOS COMPETENTES PARA INSTRUÍR E RESOLVER O PROCEDEMENTO.....	32
11.2.	FASES DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO.....	34
11.2.1.	Iniciación.....	34
11.2.2.	Instrución.....	34
11.2.3.	Resolución.....	36
11.2.4.	Recursos.....	37
11.2.5.	Tramitación do pagamento da subvención.....	37
11.2.6.	Modificación da resolución.....	38
12.	OBRIGAS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS.....	38
13.	XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E ABOAMENTO FINAL.....	42
14.	XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO PARCIAL OU Á CONTA.....	46
15.	PAGAMENTO ANTICIPADO.....	48
16.	CESIÓN DO DEREITO DE COBRAMENTO.....	50
17.	COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.....	51
18.	PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO E REINTEGRO DA SUBVENCIÓN. CRITERIOS DE GRADUACIÓN DE POSIBLES INCUMPRIMENTOS.....	52
19.	NOTIFICACIÓN.....	53
20.	CONTROL E LOITA CONTRA A FRAUDE.....	54
21.	ANÁLISE SISTEMÁTICO DE CONFLICTO DE INTERESE.....	55
22.	PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.....	57
23.	TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.....	57
	DELIMITACIÓN DOS ÁMBITOS ERRP NO MUNICIPIO DA CORUÑA.....	59
	ANEXO I. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO DO PRTR PARA OS ERRP DECLARADOS NO CONCELLO DA CORUÑA.....	63



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE VIVIENDA Y AGENDA URBANA



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

ANEXO II. COMPROBACIÓN DE DATOS DAS PERSOAS E ENTIDADES PARTICÍPEES NAS OBRAS E INTERESADAS NA SUBVENCIÓN	63
ANEXO III. CERTIFICADO DA PERSOA SECRETARIA OU ADMINISTRADORA DO ACORDO DA COMUNIDADE DE PERSOAS PROPIETARIAS, DA AGRUPACIÓN DE COMUNIDADES DE PERSOAS PROPIETARIAS OU DA ASEMBLEA DA SOCIEDADE COOPERATIVA	63
ANEXO IV. CERTIFICADO DA AGRUPACIÓN DE PERSOAS FÍSICAS E/OU PERSOAS XURÍDICAS DE NATUREZA PRIVADA OU DECLARACIÓN DA COMUNIDADE DE BENS, PROPIETARIAS DO EDIFICIO	63
ANEXO V. DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE "NON CAUSAR UN PREXUÍZO SIGNIFICATIVO AO AMBIENTE"	63
ANEXO VI. DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN E ACTUACIÓNS DO PRTR (DACI).....	63
ANEXO VII. DECLARACIÓN DE COMPROMISO DE CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS TRANSVERSAIS EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DO PRTR.....	63
ANEXO VIII. DECLARACIÓN DE CESIÓN E TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN E ACTUACIÓNS DO PRTR	63
ANEXO IX. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE COMPOSICIÓN DA UNIDADE DE CONVIVENCIA E COMPROBACIÓN DE DATOS DAS PERSOAS FÍSICAS INTERESADAS NA AXUDA ADICIONAL POR SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE ECONÓMICA	63
ANEXO X. XUSTIFICACIÓN TÉCNICA DE ORZAMENTOS	63
ANEXO XI. ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN	63
ANEXO XII. COMUNICACIÓN DA FINALIZACIÓN PARCIAL E FINAL DAS ACTUACIÓNS.....	63
ANEXO XIII. SOLICITUDE ANTICIPO.....	63
ANEXO XIV. ACORDO DE CESIÓN DO DEREITO DE COBRAMENTO DA AXUDA	63
ANEXO XV. REPRESENTACIÓN	63
ANEXO XVI. MODELO DE CARTEL	63



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA ACTUACIONS DE REHABILITACION INCLUIDAS NO PROGRAMA DE AXUDA AS ACTUACIONS DE REHABILITACION A NIVEL DE BARRIO DO PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNION EUROPEA – NEXTGENERATIONEU, NAS CONTORNAS DE REHABILITACION PROGRAMADA (ERRP) DECLARADAS NO CONCELLO DA CORUÑA.

1. OBXECTO E FINALIDADE.

Esta convocatoria ten por obxecto regular o procedemento para a concesión de subvencións dentro do Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio previsto no Real decreto 853/2021, de 5 de outubro, polo que se regulan os Programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (en diante, PRTR) publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 239, de 6 de outubro (en diante RD 853/2021), e na Resolución de IGVS de 8 de xullo 2022 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do PRTR financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e ábrese o prazo de participación para a anualidade 2022 (Res. 08.07.2022; DOG núm.137, de 19.07.2022) en aplicación do RD 853/2021 na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio enmárcase no investimento do compoñente 2 do PRTR C02.I01 «Programa de rehabilitación para a recuperación económica e social en contornas residenciais» e ten como obxecto o financiamento da realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios de uso predominante residencial e vivendas, incluídas as vivendas unifamiliares, e de urbanización ou reurbanización de espazos públicos dentro de ámbitos de actuación denominados contornas residenciais de rehabilitación programada (ERRP) previamente delimitados en municipios de calquera tamaño de poboación (art. 9 RD 853/2021).

As actuacións de rehabilitación inclúense no campo de intervención do PRTR de Renovación da eficiencia enerxética dos inmobles existentes, proxectos de demostración e medidas de apoio conformes cos criterios de eficiencia enerxética (etiqueta 025bis), a través da Submedida C02.I01a.i denominada Rehabilitación enerxética de edificios con aforro medio de consumo de a lo menos o 30%, cunha contribución á obtención dos obxectivos climáticos do Plan dun 100%, e a os obxectivos medioambientais dun 40%.

En particular, a través da presente convocatoria preténdese contribuír ao obxectivo crítico desta inversión de renovar 510.000 vivendas cunha redución media de a lo menos un 30% de demanda de enerxía primaria, mediante la financiación de 284 actuacións.

As subvencións obxecto desta convocatoria teñen como finalidade financiar obras ou actuacións nas que se obteña unha mellora acreditada da eficiencia enerxética, con especial atención á envolvente edificatoria nos edificios de tipoloxía residencial colectiva, incluíndo as súas vivendas, e nas vivendas unifamiliares, dentro das seguintes contornas residenciais de rehabilitación programada (ERRP) do Concello da Coruña:



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



- ERRP Cidade Vella e Peixaría.
- ERRP Grupo de Vivendas María Pita – Labañou.
- ERRP Grupo Casas de Franco – Ventorrillo.
- ERRP Barrio das Flores.

O Concello da Coruña actúa como entidade xestora do Programa e tramitará a correspondente convocatoria de axudas conforme ao disposto no PRTR.

2. BASES REGULADORAS E NORMATIVA DE APLICACIÓN.

2.1. As subvencións deste programa rexeranse polas bases reguladoras contidas no Real Decreto 853/2021, de 5 de outubro, polo que se regulan os Programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, modificado por Real Decreto 903/2022, de 25 de outubro, (<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2021-16233>) coas especificacións e limitacións recollidas na Resolución de IGVS, de 8 de xullo de 2022, pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e se abre o prazo de participación para a anualidade 2022 (DOG nº 137 do 19.07.2022 e a corrección de erros publicada no DOG núm. 25 do 06.02.2023) e nesta convocatoria.

2.2. En todo o non recollido nas bases reguladoras e nesta convocatoria será de aplicación a seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia e demais disposicións relativas á execución e xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) e do Mecanismo de recuperación e resiliencia (DOUE de 18.02.2021).
- Lei 10/2022, de 14 de xuño, de medidas urxentes para impulsar a actividade de rehabilitación edificatoria no contexto do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

- Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- O acordo núm. 12 asinado o 11.05.2023 entre o Concello da Coruña, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana do Programa de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia para os ERRP declarados na Coruña.
- Bases de execución do orzamento municipal vixente.
- Plan de Medidas Antifraude do Concello da Coruña no marco da Orde HFP/1030/2021 para a xestión de fondos europeos, aprobado por Xunta de Goberno Local o 2 de outubro de 2024 (PIMAC 2024).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- En defecto do previsto nesta normativa, aplicaranse as normas de dereito administrativo, así como as normas de dereito privado ou outras de ámbito nacional ou europeo que poidan resultar aplicables.
- Ademais da citada normativa, para as actuacións previstas no grupo de vivendas María Pita-Labañou, deberanse cumprir as condicións recollidas no acordo da Xunta de Goberno Local do 28.09.2022 sobre as condicións estéticas (<https://www.coruna.gal/documentos/descarga.jsp?30942014968>); e, para as actuacións previstas no Barrio das Flores, terase en conta o seu Plan Director de Rehabilitación Integrada (<https://www.coruna.gal/vivenda/gl/plans-e-programas/pd-barrio-flores>).

2.3. Estas axudas estarán sometidas aos requisitos e límites establecidos no Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis*, e no Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE VIVIENDA Y AGENDA URBANA



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

dos artigos 107 e 108 do Tratado, aplicándose a exención correspondente ás axudas ao investimento destinadas ás medidas de eficiencia enerxética reguladas no artigo 38 bis.

3. CRÉDITOS ORZAMENTARIOS E CONTÍA DA CONVOCATORIA.

As axudas previstas nesta convocatoria faranse efectivas, de conformidade co acordo da comisión bilateral relativo ás contornas residenciais de rehabilitación programada do Concello da Coruña de data 11.05.2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 30.1522.78010 e 30.1522.78010.24 do Orzamento Xeral Municipal do ano 2025 do Concello da Coruña, por un importe total de 5.145.483,14 euros e coa seguinte desagregación por contornas:

Denominación ERRP	Importe MITMA/ NEXT-GENERATIONEU	Número de actuacións totais
ERRP Cidade Vella e Peixaría	729.990,10 €	42
ERRP Grupo de Vivendas María Pita-Labañou	765.356,28 €	40
ERRP Grupo Casas de Franco-Ventorrillo	1.451.703,22 €	76
Barrio das Flores	2.198.433,54 €	126

O programa de axudas está financiado con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) núm. 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, ao estar incluído no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

4. REQUISITOS DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES.

4.1 O inmovible para o que se solicite a axuda debe estar incluído nalgún dos ERRP definidos no acordo núm. 12 da Comisión bilateral celebrada o 11.05.2023 e identificados no apartado desta convocatoria denominado “Delimitación dos ámbitos ERPP declarados no municipio da Coruña”.

4.2 De conformidade co artigo 14 do Real decreto 853/2021, de 5 de outubro, son actuacións subvencionables as actuacións de mellora ou rehabilitación de edificios de uso predominante residencial para vivenda, cos límites establecidos no artigo 15 do RD 853/2021, sempre que se obteña unha redución de, polo menos, o 30 % do consumo de enerxía primaria non renovable, referida á certificación enerxética.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE VIVIENDA Y AGENDA URBANA



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



Concello da Coruña

Así mesmo, debe conseguirse unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración da vivenda unifamiliar ou do edificio, segundo corresponda, de polo menos un 25% para a zona climática C correspondente ao Concello da Coruña; segundo a clasificación climática do Código técnico da edificación.

Os edificios protexidos oficialmente por ser parte dunha contorna declarada ou en razón do seu particular valor arquitectónico histórico, nos que estean limitadas as actuacións sobre os elementos que compoñen a envolvente térmica, non terán que cumprir coa redución de demanda establecida no punto anterior. Con todo, aqueles elementos da envolvente sobre os que se poida intervir deben cumprir cos valores límite de transmitancia térmica e de permeabilidade ao aire, cando corresponda, establecidos na táboa 3.1.1.a – HEI1 e 3.1.3.a – HEI1, do documento básico DB HEI de Aforro de enerxía do Código técnico da edificación.

Así mesmo, nos edificios nos que se realizaron no últimos catro anos intervencións de mellora da eficiencia enerxética nas que poida acreditarse que se reduciu a demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración nunha porcentaxe igual ou superior ao establecido anteriormente neste mesmo apartado, quedan eximidos do cumprimento do requisito de redución de demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración. Cando nas devanditas intervencións non se alcance unha redución igual ou superior á porcentaxe establecida, poderá considerarse satisfeito o requisito se coa consideración conxunta das actuacións realizadas nas citadas intervencións e as complementarias que se realicen na actuación obxecto da solicitude alcanzouse a correspondente porcentaxe de redución de demanda establecida. Para acreditar a devandita circunstancia deberanse presentar as correspondentes certificacións de eficiencia enerxética, ademais da documentación que acredite a realización das citadas intervencións.

Consideraranse como intervencións de mellora da eficiencia enerxética realizadas no últimos catro anos, aquelas sobre as que se acredite a súa terminación dentro dos catro anos anteriores á data da publicación desta convocatoria municipal, así como as que estean en execución ao momento da devandita publicación.

4.3 Ademais, para ser subvencionables, as actuacións deste programa deben cumprir os seguintes requisitos:

- Cumprir coa normativa vixente que lles sexa de aplicación, así como contar coas preceptivas licenzas e autorizacións administrativas no caso de que estas as requiran.
- Dispoñer de proxecto das actuacións que se van realizar. Para o caso de que as actuacións non esixan proxecto, será necesario xustificar nunha memoria subscrita por persoa técnica competente a adecuación da actuación ao Código técnico da edificación e demais normativa de aplicación. Ademais desta documentación, tamén se deberá dispoñer do libro do edificio existente para a rehabilitación ou, na súa falta, dun estudo sobre o potencial de mellora do edificio ou vivenda en relación cos requisitos básicos definidos na Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación e un Plan de actuacións no que se identifique a



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

actuación e mellora proposta. De conformidade co artigo 50.2 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, o contido destes documentos deberá axustarse ao establecido no Anexo I do citado Real decreto.

A documentación técnica anterior incluírá un estudo de xestión de residuos de construción e demolición que se desenvolverá posteriormente no correspondente plan de xestión de residuos de construción e demolición, conforme ao establecido no Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, onde se cumprirán as seguintes condicións:

- 1.º Polo menos o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluíndo o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532/EC) xerados no sitio de construción preparárase para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.
- 2.º Os operadores deberán limitar a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE e tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de sustancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición. Así mesmo, establecerase que a demolición se leve a cabo preferiblemente de forma selectiva e a clasificación realízase de forma preferente no lugar de xeración dos residuos.
- c) Os deseños dos edificios e as técnicas de construción apoiarán a circularidade e, en particular, demostrarán, con referencia á ISO 20887 ou outras normas para avaliar a capacidade de desmonte ou adaptabilidade dos edificios, como están deseñados para ser máis eficientes no uso de recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e reciclaxe.
- d) Retirar do edificio ou do ámbito obxecto da actuación aqueles produtos de construción que conteñan amianto; excepto no suposto de actuacións subvencionables finalizadas ao momento da solicitude da subvención e sobre as que non resulten necesarias intervencións complementarias para alcanzar os requisitos esixidos de eficiencia enerxética. A retirada deberá realizarse conforme ao establecido no Real decreto 396/2006, de 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto, por unha empresa legalmente autorizada. A xestión dos residuos orixinados no proceso deberá realizarse conforme ao establecido no Real decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

En ningún caso consideraranse subvencionables aquelas actuacións que incrementen a durabilidade de elementos que conteñan amianto, tales como os tratamentos de estabilización ou confinamento do MCA (encapsulado e selado, proteccións ou recubrimentos,...), así como operacións de reparación ou mantemento.

e) Contar cun certificado de eficiencia enerxética do edificio existente no seu estado actual, asinado por un técnico competente e rexistrado no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia (en diante RGEEE).

f) No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva esixirase, ademais, que:

1.º Polo menos o 50 % da súa superficie construída sobre rasante, excluída a planta baixa ou plantas inferiores se ten ou teñen outros usos compatibles, teña uso residencial de vivenda. A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, define o uso residencial de vivenda como o uso destinado a satisfacer, con carácter permanente, as necesidades de habitación das persoas mediante a utilización das vivendas. Por tanto, o uso turístico non é residencial. O devandito uso residencial permanente comprobarase coa información que conste na base de datos do Padrón municipal.

2.º As actuacións contén co acordo da comunidade ou comunidades de persoas propietarias de que se trate, debidamente agrupadas, salvo nos casos de edificios de persoa propietaria única, e coa autorización ou autorizacións administrativas correspondentes, cando sexa preceptivo.

g) As actuacións obxecto desta axuda non poderán estar iniciadas con anterioridade ao 1 de febreiro de 2020, e poderán estar finalizadas no momento de presentación da solicitude. Neste último suposto, e sempre que as mesmas contemplasen intervencións de mellora da eficiencia enerxética, só serán subvencionables cando se acredite o cumprimento íntegro dos requisitos esixibles, no seu caso, conxuntamente coas obras complementarias e necesarias a realizar para cumprilos.

Non obstante, a solicitude de axuda deberá ser anterior ao comezo das actuacións subvencionables, no caso de beneficiarios da axuda que exerzan actividades económicas ou comerciais e que a suma do importe das axudas concedidas no últimos tres anos fiscais e da contía de axuda solicitada nesta convocatoria sexa igual ou superior aos 300.000 euros.

No suposto contemplado no parágrafo anterior aplicárase o disposto no Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se decláran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, aplicando a exención correspondente ás axudas ao investimento destinadas a medidas de eficiencia enerxética regulada no artigo 38 bis. De iniciar con anterioridade as actuacións non cumprirá o requisito de que a axuda teña un efecto incentivador.

h) As actuacións subvencionables son aquelas realizadas en edificios existentes e sempre que estas cumpran os requisitos establecidos. As ampliacións que supoñan obra nova



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

con incremento de plantas no edificio ou anexos da edificación existente non son subvencionables. As actuacións que supoñan peche dos balcóns existentes, adecuación de espazos existentes a uso vivenda, así como actuacións nas que se eleve a cuberta sen que supoña un incremento das plantas existentes, poden ser subvencionables.

i) Non serán subvencionables as actuacións de investimento en xeradores térmicos que utilicen combustible de orixe fósil (gasóleo, GLP, gas natural, propano, butano...); entendéndose como subvencionables as actuacións que inclúan instalacións térmicas como as bombas de calor (de xeotermia, aerotermia ou hidrotermia), equipos de biomasa, captadores solares ou paneis fotovoltaicos, entre outros.

j) As actuacións obxecto de financiamento deste programa deberán estar finalizadas na data establecida no título habilitante correspondente, e en todo caso antes do 30 de xuño de 2026 de non existir modificación ou prórroga dos acordos asinados entre o Concello da Coruña, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

5. CUSTO SUBVENCIONABLE E CONTÍA DAS AXUDAS.

5.1. Custo subvencionable.

O gasto subvencionable constitúe o custo total de todas as actuacións que respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do prazo establecido no punto anterior. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

O custo subvencionable referido ás actuacións subvencionables previstas no ordinal cuarto, será o recollido no documento técnico presentado para a súa autorización municipal ou o da oferta elixida, no caso de ser inferior.

A ese custo total, poderanse engadir como subvencionables os gastos de xestión inherente ao desenvolvemento das actuacións e os gastos asociados; os honorarios de profesionais intervinientes na xestión e desenvolvemento das actuacións; os custos de redacción dos proxectos e dirección de obra; certificados e informes técnicos; os derivados da tramitación administrativa e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas.

Os honorarios dos profesionais técnicos e administrativos que interveñan na tramitación da subvención, deberán estar debidamente xustificadas, ser contratados directamente polos promotores das actuacións, e non superar os custos medios de mercado.

Non se consideran custos subvencionables os gastos de licenzas, taxas, impostos e tributos. Con todo, o IVE poderá ser considerado elixible a condición de que non poida ser susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial; para iso, deberase indicar se non é recuperable a totalidade ou unha parte do IVE, determinando neste caso a porcentaxe recuperable e xustificándoo coa documentación oficial correspondente.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

5.2. Contía da axuda básica.

De conformidade co artigo 15 do RD 853/2021, de 5 de outubro, e o ordinal vixésimo terceiro da Res. 08.07.22, a contía máxima das axudas determinarase atendendo ao custo total das actuacións a desenvolver, segundo os criterios de fixación de contías establecidas nos apartados seguintes, sen que se poidan superar os límites resultantes que se describen a continuación:

- A cantidade obtida de multiplicar a porcentaxe máxima establecida na táboa 5.2 polo custo das actuacións subvencionables.
- A cantidade obtida de multiplicar a contía máxima da axuda por vivenda, establecida na táboa 5.2, polo número de vivendas do edificio, incrementada, no seu caso, pola contía de axuda por metro cadrado de superficie construída sobre rasante de local comercial ou outros usos distintos a vivenda, fixada na mesma táboa 5.2, en función do nivel de aforro en consumo de enerxía primaria non renovable conseguido mediante a actuación. Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado sobre rasante de uso comercial ou outros usos será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

Táboa 5.2

Aforro enerxético conseguido coa actuación	Porcentaxe máxima da subvención do custo da actuación	Vivenda	Locais comerciais ou outros usos
		Contía máxima da axuda por vivenda	Contía máxima da axuda por m ²
$30\% \leq \Delta C_{ep,nre} < 45\%$	40%	8.100 €	72 €
$45\% \leq \Delta C_{ep,nre} < 60\%$	65%	14.500 €	130 €
$\Delta C_{ep,nre} \geq 60\%$	80%	21.400 €	192 €

- Naqueles casos nos que haxa que proceder á retirada de elementos con amianto, poderá incrementarse a contía máxima da axuda na cantidade correspondente aos custos debidos á retirada, a manipulación, o transporte e a xestión dos residuos de amianto mediante empresas autorizadas, ata un máximo de 1.000 euros por vivenda ou 12.000 euros por edificios obxecto de rehabilitación, o que resulte superior.

Unha vez sumados os importes destas dúas axudas (a axuda básica e a axuda por retirada de amianto), repartirase de forma proporcional ás cotas de participación na actuación de cada persoa beneficiaria.

- O importe íntegro das contías das axudas percibidas polas persoas ou entidades beneficiarias, destinarase ao pago das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias e agrupacións de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación con independencia de que,



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

tanto o importe da mesma como o custo das obras, se deba repercutir nas persoas propietarias de vivendas e, no seu caso, nas persoas propietarias de locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación sobre propiedade horizontal.

A pesar do disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade de persoas propietarias ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias non puidese percibir axuda por algunha causa legal, non se atribuirá á devandita persoa propietaria ou usufrutuaria a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se rateará entre os restantes membros da comunidade ou agrupación.

5.3. Axuda adicional por vulnerabilidade económica.

De conformidade co disposto no artigo 15.2 do RD 853/2021, de 5 de outubro, cando se identifiquen situacións de vulnerabilidade económica nalgunhas das persoas físicas propietarias ou usufrutuaras da vivendas incluídas na contorna residencial definida, e de acordo cos criterios establecidos na comisión bilateral de seguimento, poderá concederse unha axuda adicional que poderá alcanzar ata o 100% do custo de actuacións imputable á devandita persoa propietaria ou usufrutuaria, de acordo cos seguintes criterios, e condicionada, en todo caso, ao cumprimento dos requisitos de eficiencia enerxética esixidos, como se indica no ordinal vixésimo cuarto da R.08.07.2022 (e corrección de erros de 6 de febreiro de 2023):

Táboa 5.3

Edificio de tipoloxía residencial colectiva, por vivenda				
Ingresos en veces IPREM ponderados		Axuda en función do aforro enerxético conseguido		
		$30\% \leq \Delta C_{ep,nre} < 45\%$	$45\% \leq \Delta C_{ep,nre} < 60\%$	$\Delta C_{ep,nre} \geq 60\%$
Menos ou igual a 2,1	Porcentaxe axuda	100%	100%	100%
	Contía máxima de subvención	20.250,00	22.308,00	26.750,00
Entre 2,1 e 2,6 veces	Porcentaxe axuda	60%	75%	90%
	Contía máxima de subvención	12.150,00	16.731,00	24.075,00

Vivenda unifamiliar				
Ingresos en veces IPREM ponderados		Axuda en función do aforro enerxético conseguido		
		$30\% \leq \Delta C_{ep,nre} < 45\%$	$45\% \leq \Delta C_{ep,nre} < 60\%$	$\Delta C_{ep,nre} \geq 60\%$
Menos ou igual a 2,1	Porcentaxe axuda	100%	100%	100%



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



	Contía máxima de subvención	22.550,00	24.538,80	29.425,00
Entre 2,1 e 2,6 veces	Porcentaxe axuda	60%	75%	90%
	Contía máxima de subvención	13.530,00	18.404,10	26.482,50

Os ingresos indicados nas táboas anteriores ponderaranse de acordo coa composición da unidade familiar, en base ao indicador público de rendas de efectos múltiples- IPREM (14 pagas) multiplicando os ingresos anuais da unidade de convivencia polo coeficiente multiplicativo corrector que corresponda ao número de membros da unidade familiar. Sendo o valor do IPREM de 8.400 euros no momento da publicación desta convocatoria, as contías por tramos corresponderanse ás indicadas na táboa seguinte:

Corrección IPREM		Contías para tramos IPREM ponderado	
Número de membros	Coeficiente corrector	2.1 IPREM ponderado*	2.6 IPREM ponderado*
Familias de 1 membro	1	17.640,00	21.840,00
Familias de 2 membros	0,9	19.600,00	24.266,67
Familias de 3 membros	0,8	22.050,00	27.300,00
Familias de 4 membros	0,75	23.520,00	29.120,00
Familias de 5 ou máis membros	0,7	25.200,00	31.200,00

*Cantidades considerando un IPREM de 8.400€.

- Se algún membro da unidade familiar é unha persoa con discapacidade, nas condicións establecidas na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas, o coeficiente corrector aplicable será o do tramo seguinte ao que lle correspondese conforme co previsto na táboa anterior.
- No caso de mulleres xestantes, o/a fillo/a ou fillos/as concibidos e non nados contarán como membros da unidade familiar, para os efectos da aplicación do coeficiente multiplicativo corrector previsto na táboa anterior, sempre que na aplicación desta fórmula se obteña un maior beneficio. Igual tratamento terá a acreditación de adopción en trámite. O embarazo acreditarase de acordo co disposto na Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- No suposto de que a unidade de convivencia estea composta por máis dunha unidade familiar das recollidas na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas, os ingresos de cada unidade familiar, convertidos en número de veces o IPREM ponderado de acordo co previsto nos apartados anteriores, sumaranse e o resultado deberá ser inferior aos límites máximos previstos nas táboas anteriores.
- Para os efectos do establecido neste ordinal, os termos incluídos nel interpretaranse co significado e alcance seguintes:



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



- Unidade de convivencia da persoa beneficiaria: conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente, así como con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas.
- Persoa con discapacidade: interpretarase de conformidade co Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- Indicador público de renda de efectos múltiples (en diante, IPREM): é o indicador definido no Real decreto lei 3/2004, de 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía; considerarase unidade de medida para a determinación da contía dos ingresos familiares, no seu cómputo anual, incluíndo dúas pagas extras.

6. PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS. DESTINATARIAS ÚLTIMAS.

6.1. Ao amparo dos artigos 6 e 13 do Real decreto 853/2021, e do ordinal 21 da Resolución IGVS de 8 de xullo de 2022, poderán ser persoas destinatarias últimas destas axudas as que asuman a responsabilidade da execución integral da área delimitada pola actuación.

6.2. Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas ou entidades beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo e a responsabilidade asumida por cada unha.

6.3. As persoas destinatarias últimas das axudas ou, no seu caso, o/a axente ou xestor da rehabilitación que actúe por conta daquelas, destinarán o importe íntegro da axuda ao pago das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o seu importe como o custo das obras, deba repercutirse nas persoas propietarias das vivendas e, no seu caso, dos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

6.4. Non poderán obter a condición de beneficiarias destas axudas aquelas persoas ou entidades que estean incursas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, excepto a da letra e) dos citados artigos, relativa á obriga de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social, aínda que non poderá procederse ao pago da axuda en tanto non se acredite estar ao corrente do cumprimento das devanditas obrigacións, de conformidade co disposto no artigo 6.1 de Real decreto 853/2021 e no ordinal 21.3 da Resolución IGVS de 8 de xullo de 2022.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

6.5. Poderán ser consideradas persoas beneficiarias e destinatarias últimas das axudas:

1. As persoas propietarias ou usufrutuaras de vivendas unifamiliares illadas ou agrupadas en fila e de edificios existentes de tipoloxía residencial de vivenda colectiva, así como das súas vivendas, ben sexan persoas físicas ou ben teñan personalidade xurídica de natureza privada.
2. As comunidades de persoas propietarias, ou as agrupacións de comunidades de persoas propietarias constituídas conforme ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, de 21 de xullo, sobre propiedade horizontal.
3. As persoas propietarias que, de forma agrupada, sexan propietarias de edificios que reúnan os requisitos establecidos polo artigo 396 do Código civil e non outorgasen o título constitutivo de propiedade horizontal, así como as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actuacións que motiva a concesión da subvención.
4. As sociedades cooperativas compostas de forma agrupada por persoas propietarias de vivendas ou edificios que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil, así como polas persoas propietarias que conforman comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de comunidades de propietarios constituídos conforme ao disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, de 21 de xullo, sobre propiedade horizontal, e por cooperativas en réxime de cesión de uso das súas vivendas.

6.6. Cando sexan beneficiarias persoas xurídicas de natureza privada, deberán acreditar ou declarar expresamente na súa solicitude que se atopan debidamente constituídas, segundo a normativa que lles resulte de aplicación.

No caso de entidades que carezan de personalidade xurídica propia, con excepción das comunidades de persoas propietarias, deberán facerse constar expresamente tanto na solicitude como na resolución de concesión os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención para aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios. En calquera caso, debe nomearse representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes, para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, correspondan á entidade. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición prevista nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (4 anos polo posible reintegro, artigo 35, ou a prescrición de sanción do artigo 63).

6.7. Cando a persoa propietaria da vivenda e a persoa arrendataria da mesma acorden que esta última custee ao seu cargo as actuacións de rehabilitación que correspondan, a cambio do pago da renda ou doutro acordo entre as partes, a persoa arrendataria poderá solicitar da comunidade de persoas propietarias ou, no seu caso, da persoa propietaria única, a adopción



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

do correspondente acordo que se require para solicitar estas axudas. Neste suposto a persoa arrendataria poderá ter a consideración de beneficiaria.

6.8. No caso de que a persoa beneficiaria da axuda sexa unha persoa física ou xurídica de natureza privada (só no suposto previsto no apartado 6.5.1) que exerza actividades económicas ou comerciais, aplicarase o seguinte réxime en materia de axudas de Estado:

a) Cando a suma do importe das axudas concedidas no últimos tres anos fiscais e da contía da axuda solicitada nesta convocatoria sexa inferior a 300.000 euros, aplicarase o disposto no Regulamento (UE) núm. 2023/2831 da Comisión, de 13 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis*.

b) Cando a suma do importe das axudas concedidas nos últimos 3 anos fiscais e da contía da axuda solicitada nesta convocatoria sexa igual ou superior aos 300.000 euros, aplicarase o disposto no Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, aplicando a exención correspondente ás axudas ao investimento destinadas a medidas de eficiencia enerxética regulada no artigo 38 bis.

O sometemento a esta norma de exención comunitaria require o cumprimento das seguintes condicións:

1º. Que se exclúan como posibles beneficiarias as empresas en crise, de acordo coa definición do artigo 2.18 do devandito Regulamento (UE) núm. 651/2014, e as que teñan unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior.

2º. Que a solicitude da axuda sexa anterior ao comezo das actuacións subvencionables, para cumprir o requisito de que a axuda teña efecto incentivador.

3º. Que a intensidade da axuda non supere as porcentaxes sinaladas no artigo 38 do devandito Regulamento 651/2014, isto é, o 35 % dos custos subvencionables, que pode incrementarse nun 10 % para as medianas empresas e nun 20 % para as pequenas empresas. Para determinar o cumprimento da intensidade máxima de axuda debe terse en conta o importe total das axudas estatais concedidas para os mesmos custos subvencionables.

7. AXENTE OU XESTOR DA REHABILITACIÓN.

As persoas ou entidades beneficiarias das axudas poderán facultar e autorizar, mediante o correspondente acordo, que un/unha axente ou xestor da rehabilitación actúe por conta daquelas.

O/a axente ou xestor da rehabilitación é aquela persoa física ou xurídica, xa sexa pública ou privada, que poida realizar actuacións de impulso, seguimento, xestión e percepción de axudas públicas, mediante mecanismos de cesión do dereito de cobro ou similares, acceso ao financiamento, elaboración de documentación ou proxectos técnicos ou outras actuacións



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



necesarias para o desenvolvemento das actuacións subvencionables, ao amparo do artigo 8 do Real decreto 853/2021, de 5 de outubro.

A participación do axente ou xestor da rehabilitación non exime á persoa beneficiaria de cumprir as obrigas que lle incumben, sen prexuízo da responsabilidade que, ademais, poida esixirse ao devandito axente ou xestor.

8. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva a través de convocatoria pública, de acordo co artigo 19.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Compararanse as solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración fixados nesta convocatoria, ata esgotar o número de actuacións e/ou o crédito dispoñible previsto nas respectivas contornas do acordo núm. 12 asinado na Comisión bilateral celebrada o 11.05.2023 entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello da Coruña e/ou addendas que se poidan subscribir posteriormente dentro dos seus ámbitos de aplicación.

Non será necesario fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos esixidos, cando o número de actuacións e o crédito consignado en cada convocatoria sexa suficiente, atendendo ao número de solicitudes, unha vez finalizado o prazo de presentación establecido na convocatoria.

No caso de que houberse máis solicitudes que número de actuacións ou fondos previstos para un ERRP e sempre que cumpran coas condicións incluídas nas bases reguladoras e esta convocatoria, as persoas solicitantes que non poidan obter a subvención, pasarán a formar parte dunha lista de agarda, para poder ser incluídos no caso de renuncia, anulación dalgún dos beneficiarios seleccionados ou de dispoñer de financiamento e actuacións pola existencia de addenda ao acordo núm. 12 asinado.

No caso de non esgotar o número de actuacións e o crédito dispoñible previsto nesta convocatoria, poderá volver abrirse un novo prazo de presentación de solicitudes, previa proposta motivada do Servizo de rehabilitación e acordo da comisión avaliadora, contando coa necesaria publicidade.

A concesión destas axudas estará, en todo caso condicionada, á existencia de crédito orzamentario, ás resolucións ditadas polos responsables do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana e/ou da Xunta de Galicia para a aplicación do Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio en Galicia e á aceptación da documentación xustificativa por parte do Concello da Coruña.

9. CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

As solicitudes clasificaranse segundo os seguintes criterios:

9.1. XERAIS:

- a) Segundo o estado das actuacións subvencionables ao momento do prazo de presentación de solicitude da subvención, seguindo a seguinte orde:
 - Obras rematadas (sen complementarias): 10 puntos.
 - Obras rematadas, con complementarias iniciadas: 5 puntos.
 - Obras iniciadas: 5 puntos.
- b) Segundo a cualificación enerxética do edificio, antes da actuación subvencionable, en función do consumo de enerxía:
 - Letra G o F: 10 puntos.
 - Letra D o E: 5 puntos.
 - Letra B o C: 2 puntos.
- c) Segundo o número total de vivendas directamente afectadas pola actuación subvencionable:
 - Máis de 40 vivendas: 3 puntos.
 - Entre 10 e 40 vivendas: 2 puntos.
 - Menos de 10 vivendas: 1 punto.
- d) Cando se soliciten actuacións subvencionables que afecten aos elementos comúns dos edificios, coa finalidade de dispoñer un itinerario completamente accesible, desde o acceso do edificio desde a vía pública ata cada unha das súas vivendas, seguindo a seguinte orde:
 - Obras que contemplen a instalación dun novo ascensor en edificios onde non exista: 3 puntos.
 - Obras en edificios que xa dispoñan de ascensor, que contemplen ampliar o seu percorrido para suprimir tramos de escaleiras, ou adaptar percorridos accesibles ata eles: 1 punto.

En virtude das características estruturais e construtivas dos edificios existentes obxecto de actuación, así como do seu nivel de protección, serán valoradas con idéntica puntuación aquelas medidas de adecuación efectivas que, conforme aos criterios de flexibilidade e tolerancias admisibles contemplados no DÁ DB-SUA / 2, permitan a maior adecuación posible ás devanditas condicións de accesibilidade.

Finalmente, no caso de igualdade de puntos, establecerase como criterio de desempate a data e hora de entrada que figuren rexistradas nas solicitudes validamente presentadas. Nesta fase procedemental, considérase data de presentación válida aquela na que o expediente



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE VIVIENDA
Y AGENDA URBANA



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



Concello da Coruña

sexa presentado completo e conste nel a solicitude, debidamente cuberta e asinada, e toda a documentación complementaria esixida na presente convocatoria.

9.2. ADICIONAIS:

9.2.1. PARA O ERRP “CIDADE VELLA E PEIXARÍA”

- Segundo o nivel de protección do inmovible afectado pola actuación subvencionable, seguindo a seguinte orde:
 - Nivel 1 - Edificio monumental: 5 puntos.
 - Nivel 2 - Singular valor arquitectónico, histórico e cultural, protección integral: 4 puntos.
 - Nivel 3 - Características singulares con protección estrutural: 3 puntos.
 - Nivel 4 - Significación arquitectónica e ambiental: 2 puntos.
 - Nivel 5 - Interese ambiental no conxunto urbano: 1 punto.

9.2.2. PARA O ERRP “BARRIO DAS FLORES” E O ERRP “GRUPO CASAS DE FRANCO – VENTORRILLO”

- Cando se soliciten actuacións subvencionables que afecten o aspecto exterior; segundo o grao de resposta da intervención en relación a unha solución común para cada un dos conxuntos edificatorios, seguindo a seguinte orde:
 - Solicitude de subvención e proxecto técnico referido á totalidade dun conxunto edificatorio: 4 puntos.
 - Solicitude de subvención e proxecto técnico referido a unha parte (portal) dun conxunto edificatorio, pero incluíndo un estudo global do conxunto de fachadas no que se acredita a harmonía do mesmo e que conte coa autorización das comunidades de propietarios do resto de portais: 2 puntos.

Para os efectos de “conxunto edificatorio”, entenderanse como tal cada un dos bloques enumerados mediante fichas no <Documento II. Anexo estado de la edificación> do Plan Director de Rehabilitación Integrada do Barrio das Flores; así como cada un dos bloques lineais do ERRP “Grupo Casas de Franco – Ventorrillo” enumerados no plano do Anexo XVI (excluídos os equipamentos localizados xunto aos bloques enumerados como “2” e “3”, con fronte cara a c/ Mosteiro de Bergondo).

O estudo que xustifique a integración da intervención no conxunto debe concretar polo menos as cores, acabados e os materiais que se prevén utilizar; incorporando un estudo da composición volumétrica e ritmo compositivo da fachada.

9.3. DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

Sen prexuízo da documentación prevista no apartado 10 e 13 desta convocatoria, a efectos de aplicación dos criterios de clasificación, terase en conta a seguinte documentación:

- Obras rematadas: certificado final das obras previsto no ordinal 13.2. letra b) apartado 11 ou, no seu caso, o 10.3.2 letra g) apartado 6.
- Obras iniciadas: certificado inicial das obras segundo o disposto no ordinal 10.3.2 letra v) apartado 12.
- Cualificación enerxética: certificado de eficiencia enerxética previo á intervención previsto no ordinal 10.3.2 letra v) apartado 4 ou, no seu caso, o 10.3.2 letra v) apartado 6.
- Para o cálculo do número de vivendas do edificio comprobaranse os datos de catastro (inmóbles con uso residencial). No caso de discrepancia co declarado na solicitude, deberá achegar documentación que o acredite.
- Obras de accesibilidade: xustificación específica da accesibilidade nos termos do 10.3.2 letra v) apartado 13.
- Criterios adicionais para o ERRP Cidade Vella e Peixaría: O Concello comprobará o nivel de protección do inmovible conforme ao catálogo do PXOM/PEPRI.
- Criterios adicionais para o ERRP Barrio das Flores e ERRP Grupo Casas de Franco-Ventorrillo: estudo que xustifique a integración da intervención no conxunto conforme ao disposto no 10.3.2 letra g) apartado 14.

10. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZOS.

10.1. PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes será de 1 mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se, no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

10.2. SOLICITUDE.

10.2.1. A solicitude, acompañada da correspondente documentación, presentaranse a través do formulario normalizado, dispoñible na sede electrónica do rexistro do Concello da Coruña e que terá o contido previsto no Anexo I.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidos pola sede electrónica do Concello da Coruña.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

10.2.2. As comunidades de persoas propietarias e as súas persoas representantes deberán presentar a súa solicitude electrónicamente, de acordo co establecido no artigo 14.2.b) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, No caso de presentar a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en a que fose realizada a corrección.

10.2.3. As persoas físicas deberán presentar a súa solicitude preferiblemente por vía electrónica. Tamén a poderán presentar en formato papel por calquera dos medios establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

10.2.4. A presentación da solicitude comporta a aceptación incondicional das bases reguladoras desta subvención e da súa convocatoria.

10.2.5. No modelo de solicitude deberán estar cubertos todos os campos e estar debidamente asinada. Figurarán os seguintes datos: o tipo de persoa ou entidade solicitante; os datos do edificio ou vivenda unifamiliar que se vai a rehabilitar; os datos relativos á eficiencia enerxética; a referencia catastral; o número total de vivendas e, no seu caso, de locais do edificio para rehabilitar, con indicación da superficie construída total sobre rasante; as superficies construídas sobre rasante con destino a vivenda e a locais e outros usos compatibles; o número total de vivendas partícipes nas obras e interesadas na subvención; a superficie total de locais partícipes nas obras e interesados na subvención; o investimento total e o custo subvencionable e o importe total da axuda solicitada.

10.2.6. No momento de presentación da solicitude deberase contar co título habilitante correspondente, licenza ou comunicación previa, ou ben coa solicitude do mesmo, que recollerá as actuacións para as que se solicite subvención.

A solicitude de licenza ten que ir acompañada da documentación indicada no artigo 353 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/20216, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. No caso de comunicación previa, deberá ir acompañada da documentación prevista no artigo 361 do devandito Decreto 143/2016.

10.2.7. No modelo de solicitude deberán realizarse as seguintes declaracións:

- a) Declaración responsable de que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención. No caso de solicitar ou obter algunha outra axuda, deberá indicar cales e a súa contía.
- b) Declaración responsable de que non se lle concedeu ningunha axuda de *minimis* (no caso de que a persoa beneficiaria da axuda sexa unha persoa física ou xurídica de natureza privada que exerza actividades económicas ou comerciais). No caso de ter



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE VIVIENDA
Y AGENDA URBANA



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

solicitado ou obtido axuda de *minimis*, deberá indicar cales e a súa contía.

- c) Compromiso de comunicar inmediatamente calquera outra subvención que solicite e/ou obteña en réxime de *minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, con indicación da súa contía.
- d) Compromiso de comunicar ao órgano competente para a concesión da axuda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Neste sentido, se unha vez presentada a solicitude da subvención, se obtivese algunha outra axuda deberá comunicarse ao órgano competente para resolver o procedemento de concesión tan pronto como se coñeza este feito e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, para os efectos do disposto no art. 30.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro. A non comunicación será causa suficiente para o inicio dun expediente de reintegro das cantidades que puidesen terse cobrado indebidamente.
- e) En relación co IVE do investimento total, se este é susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial e detalle do mesmo.
- f) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, excepto a do apartado e) dos devanditos artigos relativa á obriga de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social.
- g) Declaración responsable de estar ao corrente no pago de obrigacións por reintegro de subvencións, de conformidade co artigo 13.2.g) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e o artigo 21 do Regulamento xeral de subvencións aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo, e ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, de 13 de xuño.
- h) Declaración responsable de que a empresa á que se represente non está en crise, de acordo coa definición de “empresa en crise” que establece o punto 18 do artigo 2 do Regulamento (UE) núm. 651/2014, de 17 de xuño de 2014, no seu caso.
- i) No caso de persoas xurídicas de natureza privada, declaración de que se atopan debidamente constituídas, conforme á normativa que lles resulte de aplicación.
- j) Que as obras non se iniciaron antes do 1 de febreiro de 2020.
- k) Declaración responsable de que coñece e acepta os contidos e obrigas recollidos nas bases reguladoras e na convocatoria deste programa e que cumpre os requisitos sinalados para participar no procedemento e ser beneficiario das axudas, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando así lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento dos anteriores deberes durante o período de tempo inherente ao devandito recoñecemento ou exercicio (artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro).



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE VIVIENDA Y AGENDA URBANA



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



Concello da Coruña

I) Declaración de que todos os datos da súa solicitude son certos.

10.3. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA.

10.3.1. Toda a documentación deberá presentarse debidamente cuberta, con data, número de identificación DNI do solicitante ou representante, número de expediente se é o caso, e debidamente asinada.

10.3.2. As persoas e entidades interesadas deberán presentar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante ou NIF da persoa xurídica de natureza privada ou da entidade solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante ou NIF da entidade representante, se é o caso.
- c) DNI/NIE das persoas beneficiarias últimas, no caso de que se opoñan á súa consulta.
- d) Documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa física ou xurídica de natureza privada, ou entidade solicitante, no seu caso.

A representación poderá acreditarse mediante o anexo XV, no caso das persoas físicas; mediante o anexo III ou, de ser o caso, por medio da acta ou certificado da letra f) deste ordinal, no suposto de comunidades de persoas propietarias; e por calquera outro medio válido en dereito, no resto dos supostos.

- e) Escritura pública, certificado ou nota simple rexistral ou calquera outro documento válido en dereito que acredite a titularidade da propiedade ou do usufruto do inmovible, no caso de que a solicitante sexa unha persoa física, unha persoa xurídica de natureza privada ou unha agrupación de persoas propietarias que non consten como titulares catastrais.
- f) Acta ou certificado da persoa titular da secretaría ou administración da comunidade de persoas propietarias, das comunidades de persoas propietarias debidamente agrupadas ou da asemblea da cooperativa, onde conste o nomeamento do representante autorizado para solicitar a subvención, de ser o caso.

Este documento terá que reunir os requisitos do artigo 19 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal.

- g) Contrato ou oferta asinada co provedor seleccionado que inclúa o orzamento desagregado por partidas, medicións, prezos unitarios e totais, co IVE desagregado correspondente e a súa aceptación expresa por parte da persoa solicitante. Na folla resumo por capítulos deberán constar a sinatura e selo da empresa, o seu NIF e a data. As características das partidas deste orzamento deberán coincidir coas especificadas no proxecto ou a memoria, e tamén coas descritas no certificado de eficiencia enerxética.
- h) Cando se solicite subvención para algún dos gastos referidos a continuación, contrato



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

ou oferta económica asinada dos honorarios técnicos correspondentes á elaboración da documentación técnica, á dirección de obra, á dirección de execución de obra e á coordinación de seguridade e saúde e, de ser o caso, oferta económica dos honorarios de xestión administrativa e documental das tramitacións correspondentes, e a súa aceptación expresa pola persoa solicitante.

- i) Copia dos tres orzamentos solicitados a diferentes provedores, debidamente asinados e de data anterior á da contratación correspondente, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe correspondente aos custos elixibles da actuación supere a contía de 40.000 euros en obras e/ou 15.000 euros en servizos, incluídos honorarios, e subministracións para o mesmo contratista ou provedor. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, debendo xustificar expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

De acordo co establecido no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, os orzamentos comparativos non serán exixibles no caso de que a obra para a que se solicita subvención estivese finalizada e pagada a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

- j) Anexo X, se é o caso, da xustificación da elección do orzamento que deberá vir asinado por persoa técnica competente.
- k) Acordo entre as persoas arrendadora e arrendataria en que se faculte a esta última a realizar ao seu cargo as actuacións de rehabilitación que correspondan, a cambio do pagamento da renda ou doutro acordo entre as partes, no suposto de que a persoa beneficiaria sexa a arrendataria, de conformidade co previsto no ordinal 6.7, se é o caso.
- l) Certificado acreditativo da titularidade da conta emitido pola entidade bancaria en que conste o número de conta (IBAN).
- m) Anexo II, de comprobación de datos das persoas e entidades partícipes nas obras e interesadas na subvención. Para o caso de actuacións en edificios de tipoloxía residencial colectiva de vivenda débense presentar tantos anexos II como vivendas e locais partícipes e interesados na subvención sinálanse nos anexos I, III e IV que se achegará xunto co DNI dos partícipes, no caso de que se opoña á súa consulta, e escritura pública, certificado ou nota simple rexistral ou calquera outro documento que acredite a titularidade da propiedade ou do usufruto do inmovible, no caso de que a persoa solicitante non conste como titular catastral.
- n) Anexo III, de certificado da persoa secretaria ou administradora do acordo da comunidade de persoas propietarias ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias constituídas conforme o disposto no artigo 5 da Lei 49/1960, do 21 de



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

xullo, sobre propiedade horizontal, ou da asemblea da cooperativa, polo que se aproba a execución das obras de rehabilitación obxecto das axudas e a presentación da solicitude da subvención obxecto desta convocatoria, indícase o orzamento elixido e onde conste o nomeamento da persoa representante autorizada para solicitar a subvención, se é o caso.

- o) Anexo IV, de certificado da agrupación de persoas físicas, de persoas xurídicas de natureza privada ou declaración da comunidade de bens, propietarias no seu conxunto do edificio obxecto da actuación, que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil e non outorgasen o título constitutivo de propiedade horizontal, onde se acorda a execución das obras, indícase o orzamento elixido, e noméase a unha persoa representante da agrupación, con poderes bastantes, debendo especificar a relación das persoas copropietarias, con indicación dos compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención a aplicar por cada un de eles, se é o caso.
- p) Anexo V, de declaración responsable do cumprimento do principio de "non causar prexuízo significativo ao medio ambiente" no sentido establecido no punto 6) do artigo 2 do Regulamento (UE) núm. 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.
- q) Anexo VI, de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) en relación coa execución e actuacións do PRTR.
- r) Anexo VII, de declaración de compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que poidan afectar ao obxecto de xestión, en relación coa execución e actuacións do PRTR.
- s) Anexo VIII, de declaración responsable de cesión e tratamento de datos en relación coa execución e actuacións do PRTR.
- t) Os beneficiarios que desenvolvan actividades económicas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Agencia Estatal de Administración Tributaria ou no censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade económica efectivamente desenvolvida á data de solicitude da axuda.
- u) No caso de que interveña un axente ou xestor da rehabilitación, documento que acredite o acordo coa propiedade, comunidade de propietarios ou agrupación de comunidades de propietarios que lle faculte e autorice a actuar como tal. Neste acordo deberá aparecer o alcance dos compromisos asumidos polas partes.
- v) Documentación **técnica**, asinada por técnico competente, que se lle deberá achegar ao Servizo de Rehabilitación/Oficina municipal de rehabilitación, para os efectos de xustificar o cumprimento dos requisitos establecidos no apartado 4 desta convocatoria, polas actuacións de mellora ou rehabilitación para as cales se solicita a subvención,



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



de acordo coa documentación técnica amparada por título habilitante e co seguinte contido mínimo:

1. Memoria descriptiva e xustificativa das actuacións subvencionables, así como do edificio afectado por elas; documentación gráfica con desenvolvemento suficiente (plano de situación, plantas, alzados e seccións, así como, de ser o caso, planos de instalacións actuais e reformadas), a escala adecuada e lexible; e orzamento desagregado por capítulos e partidas.

A documentación anterior consistirá nunha separata da documentación técnica presentada para a obtención do título habilitante, coa excepción daquela que resultase necesaria para xustificar os requisitos e que non constasen no expediente do título habilitante.

2. Xustificación da redución do consumo de enerxía primaria non renovable obtida, expresado porcentualmente e con referencia ás certificacións enerxéticas achegadas, que deberá ser de polo menos o 30%.
3. Xustificación da redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración da vivenda unifamiliar ou do edificio obtida, expresado porcentualmente e con referencia ás certificacións enerxéticas achegadas, que deberá ser de polo menos o 25%.

No suposto de edificios catalogados, polas súas limitacións de actuación sobre a envolvente, esta xustificación limitárase ao cumprimento dos valores límite de transmitancia térmica e de permeabilidade ao aire establecidos na táboa 3.1.1.a – HE1 y 3.1.3.a – HE1, del DB HE do CTE en relación cos elementos da envolvente sobre os que se interveña, quedando eximidos do dito cumprimento aqueles elementos construtivos do edificio que contén con protección singularizada a través das determinacións particulares recollidas na normativa de protección e/ou catalogación, e/ou incluídos no apartado de Catalogación de Elementos da ficha de catalogación do inmovible.

4. Certificado de eficiencia enerxética do edificio ou vivenda unifamiliar, previo á intervención, debidamente inscrito no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia (RGEEE). Para acreditar a súa inscrición, achegarase xunto ao CEE correspondente a etiqueta de eficiencia enerxética.
5. Certificado de eficiencia enerxética do edificio ou vivenda unifamiliar obtido considerando realizadas as actuacións previstas na documentación técnica presentada para a obtención do título habilitante, suscrito por unha persoa técnica competente, realizado co mesmo programa recoñecido de certificación que o utilizado para o certificado rexistrado no seu estado actual, no cal se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención da axuda.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

6. No suposto de edificios en que se realizasen nos últimos catro anos intervencións de mellora da eficiencia enerxética presentarase a correspondente certificación de eficiencia enerxética do edificio ou vivenda unifamiliar antes desas intervencións realizadas; así mesmo, caso de que para alcanzar a redución da demanda enerxética establecida no apartado 4 desta convocatoria precisense actuacións adicionais, tamén se presentará a certificación de eficiencia enerxética do edificio ou vivenda unifamiliar considerando realizadas as actuacións adicionais previstas.

Ademais, e coa finalidade de acreditar tanto o inicio como a finalización das citadas intervencións, achegarase xustificación ao respecto, mediante certificado do inicio e final das obras asinado por algún dos técnicos que formen parte da dirección facultativa cuxo nomeamento conste no expediente correspondente ao seu título habilitante ou, no seu defecto, declaración responsable do inicio e da súa execución asinada pola empresa/s contratista/s.

7. Estudo de xestión de residuos en que se indique, de forma específica, a porcentaxe do peso dos residuos non perigosos que se reutilizan, reciclan e recuperan, que deberá ser igual ou superior ao 70%.

No caso de obras xa iniciadas, poderase presentar unha declaración de que, conforme o correspondente plan de xestión de residuos, na súa execución cumpríranse os requisitos exixidos ás actuacións subvencionables.

8. Xustificación de que as actuacións de mellora ou rehabilitación pretendidas e as técnicas de construción consideradas apoian a circularidade, especificando a normativa en que se basea a mesma (referencia á norma ISO 20887 ou concretando outra equivalente).
9. Libro do edificio existente para a rehabilitación, co contido disposto no anexo I do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, ou, como mínimo, un estudio sobre o potencial de mellora do edificio en relación cos requisitos básicos definidos na Lei 38/1999, do 5 de novembro, da ordenación da edificación e un plan de actuacións en que se identifique a actuación proposta, co contido determinado no bloque II do anexo I do citado Real decreto.
10. Xustificación sobre a presenza de amianto no edificio, identificando e localizando aqueles elementos que o conteñan ou declarando expresamente a súa ausencia. Esta xustificación desenvolverase no libro do edificio existente indicado no punto anterior, en particular, no seu apartado f) da parte I do bloque II. Ademais, no caso de se constatar presenza de amianto no edificio, achegarase declaración específica sobre se as actuacións subvencionables afectan os elementos que o conteñan.
11. Reportaxe fotográfica en cor, de todas aquelas zonas que se van ver afectadas



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

polas actuacións de rehabilitación, así como da fachada principal do edificio. No caso de existir dirección técnica da súa execución, deberá vir asinado por algún dos técnicos que formen parte da dirección facultativa cuxo nomeamento conste no expediente correspondente ó seu título habilitante.

No caso de obras xa iniciadas as ditas fotografías deberán reflectir o estado previo ás obras.

12. Para obras xa iniciadas ao momento do prazo de presentación de solicitudes, xustificación da dita circunstancia, mediante certificado do inicio das obras ou acta de replanteo asinado por algunha das persoas técnicas que formen parte da dirección facultativa o nomeamento do cal conste no expediente correspondente ao seu título habilitante ou, no seu defecto, declaración responsable do inicio da súa execución asinada pola empresa/s contratista/s.
13. No caso de que as actuacións para as que se solicita subvención afectasen os elementos comúns dos edificios coa finalidade de dispoñer un itinerario completamente accesible, para obter a puntuación indicada no apartado 9.1.d) desta convocatoria deberase presentar unha xustificación específica da accesibilidade no inmovible, describindo as medidas de adecuación previstas; no caso de que non se achegue a dita xustificación sobre a accesibilidade xunto á solicitude da axuda, non se outorgará dita puntuación na clasificación das solicitudes.
14. No caso de que as actuacións de mellora ou rehabilitación refíranse a unha parte (portal) dun conxunto edificatorio situado no ERRP “Barrio das Flores” ou no ERRP “Grupo Casas de Franco – Ventorrillo”, para obter a puntuación indicada no apartado 9.2.2 da presente convocatoria deberase presentar un estudo que xustifique a integración da intervención no conxunto conforme ao disposto no mesmo apartado; no caso de que non se achegue documento coa devandita denominación e contido xunto á solicitude da axuda, non se outorgará dita puntuación na clasificación das solicitudes.

10.3.3. No caso de que se identifiquen, ao abeiro do ordinal 5.3, situacións de vulnerabilidade económica nas persoas físicas propietarias ou usufrutuarías de vivendas e interesadas na axuda adicional, deberase presentar coa solicitude, se é o caso, a seguinte documentación:

- a) Anexo IX, de declaracións responsables de composición da unidade de convivencia e comprobación de datos das persoas físicas propietarias ou usufrutuarías das vivendas e das persoas integrantes das súas unidades de convivencia. Os anexos IX que deberán presentarse son:
 - Edificio de tipoloxía residencial colectiva: deberase presentar un por cada vivenda partícipe interesada na subvención que comprenda todas as persoas membros da unidade de convivencia.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

- Vivenda unifamiliar: este anexo deberán cubri-lo todas as persoas membros da unidade de convivencia ademais da persoa solicitante.
- b) Declaración conxunta ou individuais de tódolos membros da unidade de convivencia do imposto da renda das persoas físicas correspondente ó último período impositivo con prazo de presentación vencido no momento de solicitar esta subvención ou, se é o caso, autorización á consulta da dita declaración.
- c) No suposto de que non presentase declaración do imposto da renda das persoas físicas ou perciba algunha das rendas exentas previstas no artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, xunto coa declaración responsable achegarse a seguinte documentación referida ao período impositivo inmediatamente anterior ao momento da solicitude de subvención, se é o caso:
 - Certificado de imputacións de IRPF.
 - No caso de ter percibido outros ingresos declarados como rendas exentas de tributar no IRPF, achegarse certificado/s da/s entidade/s pagadora/s.
 - Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.
- d) Certificado ou volante de empadramento da persoa física solicitante e das persoas físicas interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia, no caso de que se opoñan á consulta.
- e) Certificado de discapacidade da persoa física solicitante ou, se é o caso, das persoas físicas interesadas na subvención, así como das persoas integrantes das súas unidades de convivencia.
- f) Certificado médico ou documentación acreditativa de nai xestante, se é o caso.
- g) Certificado acreditativo de adopción en trámite, se é o caso.

10.3.4. A documentación complementaria presentarse preferentemente de forma telemática na sede electrónica nos termos previstos no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común. Se algunha das persoas ou entidades que por lei estean obrigadas a comunicarse coa administración por medios electrónicos presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

10.3.5. As persoas e as entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias presentadas pola persoa ou entidade interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

10.3.6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número do expediente, se se dispón del.

10.3.7. No caso de que algún dos documentos que hai que presentar de forma electrónica superara os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica do Concello da Coruña, permitírase a súa presentación de forma presencial na forma indicada no punto anterior.

10.4. COMPROBACIÓN DE DATOS

10.4.1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña ou, no seu caso, non autorice a súa consulta:

- a) Documento nacional de identidade (en diante, DNI) ou número de identidade de estranxeiro/a (en diante, NIE) das persoas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias das vivendas e, no seu caso, dos locais do edificio, partícipes nas obras e interesadas na subvención.
- b) Certificado catastral de titularidade correspondente á persoa solicitante ou, no seu caso, ás persoas que sexan membros da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, ou da sociedade cooperativa, que participen nas obras e estean interesadas na subvención.
- c) Certificación descritiva e gráfica dos datos catastrais da vivenda ou vivendas en que se van a levar a cabo as actuacións, que acredite o seu uso, para as actuacións promovidas por comunidades ou por agrupacións de comunidades de persoas propietarias ou por agrupacións de persoas propietarias, por sociedades cooperativas ou pola persoa propietaria.
- d) Certificado de empadramento.
- e) Certificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Agencia Estatal de la Administración Tributaria (en diante, AEAT) para subvencións e axudas, coa Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello da Coruña e fronte á Seguridade Social, no momento do pago da subvención, da persoa solicitante ou, no seu caso, das persoas que sexan membros da comunidade de persoas propietarias, da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias, ou de sociedades cooperativas, que participen nas obras e estean interesadas na subvención.
- f) No caso de que declarasen atoparse no suposto de vulnerabilidade económica: Declaración conxunta ou individuais de todos os membros da unidade de convivencia do imposto da renda das persoas físicas correspondente ao último período impositivo



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

con prazo de presentación vencido no momento de solicitar esta subvención.

10.4.2. No caso de que as persoas interesadas opóñanse á consulta ou, de ser preceptivo o consentimento expreso, non autoricen dita consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

10.4.3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas ou ás entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

10.5. TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Todos os trámites administrativos que as persoas e entidades interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados preferiblemente accedendo ao Cartafol cidadán da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica do Concello da Coruña.

Sobre o procedemento e tramitación das subvencións previstas nesta convocatoria, poderase obter información adicional a través dos seguintes medios:

- Na web municipal: www.coruna.gal/vivienda/es/subvenciones/2-programa-ayudas-para-rehabilitacion-a-nivel-de-barrio-del-prtr
- Na Oficina municipal de rehabilitación, situada na rúa Veeduría, 2- 2ª planta (A Coruña), en horario de 9:00 a 14:00 horas.
- No teléfono: 981184200 e 010
- Consultas no correo electrónico: subvencionsbarrios@coruna.gal

11. PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN.

11.1. ÓRGANOS ADMINISTRATIVOS COMPETENTES PARA INSTRUÍR E RESOLVER O PROCEDEMENTO.

11.1.1. O Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana xestiona os fondos do PRTR territorializando unha parte da xestión na Comunidade Autónoma de Galicia e no Concello da Coruña.

11.1.2. Segundo o acordo núm. 12 da comisión bilateral do 11.05.2023, a xestión deste programa realizarase a través das correspondentes convocatorias de axudas, tramitadas polo Concello da Coruña na súa condición de entidade xestora do programa.

O Concello da Coruña, a través do Servizo de Rehabilitación e vivenda/Oficina municipal de rehabilitación e mediante as correspondentes convocatorias de axudas, tramitará os expedientes das solicitudes de subvencións presentadas e realizará as xestións derivadas



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE VIVIENDA
Y AGENDA URBANA



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



Concello da Coruña

das exixencias deste programa nos ERRP declarados, baixo as directrices e a coordinación do IGVS segundo a aplicación habilitada para o efecto polo Ministerio. Ademais, proporá as medidas necesarias para desenvolver as actuacións obxecto deste programa. Así mesmo, asesorarase e prestarase unha atención directa, persoal e especializada ás persoas promotoras que leven a cabo as actuacións financiadas e poderá asumir as funcións de axente da rehabilitación previsto no artigo 8 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, realizando as actuacións de impulso, seguimento, xestión de axudas públicas, elaboración de documentación ou proxectos técnicos, se é o caso, así como outras actuacións necesarias para o desenvolvemento das actuacións que poidan ser obxecto de financiamento a través deste programa.

11.1.3. As funcións de ordenación e instrución do procedemento de concesión atribúenselle ao Servizo Municipal de Rehabilitación e Vivenda, debendo este realizar de oficio a avaliación das solicitudes conforme o establecido nesta convocatoria.

11.1.4. A competencia para resolver a concesión das axudas solicitadas correspóndelle á Xunta de Goberno Local ou, se é o caso, por razón da contía, á persoa titular da Concellería Delegada da Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda do Concello da Coruña, por delegación da Xunta de Goberno Local (BOP núm. 129 de 05.07.2024) ou persoa en quen se delegue, segundo a delegación vixente no momento de resolver.

11.1.5. O seguimento do cumprimento do convenio será efectuado pola Comisión Bilateral de Seguimento, segundo o previsto no artigo 72 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que se vai proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Sen prexuízo do anteriormente exposto, o Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana poderá realizar as comprobacións, visitas e actuacións necesarias para verificar o estado de execución das obras e actuacións, así como o cumprimento dos compromisos adquiridos no acordo núm. 12 da Comisión Bilateral.

Así mesmo, a Comisión Bilateral de Seguimento poderá realizar as modificacións que resulten necesarias no acordo núm. 12 ante as eventualidades que se puidesen producir, co fin de asegurar o desenvolvemento das actuacións ata a súa total execución de conformidade co establecido no artigo 71.3 do RD 853/2021.

11.2. FASES DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO.

11.2.1. Iniciación.

O procedemento para a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva iníciase sempre de oficio, mediante convocatoria aprobada polo órgano competente (a Xunta



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

de Goberno Local ou, por delegación desta, a persoa que teña a Concellería Delegada da Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda), publicada na BDNS, que dará traslado do extracto da convocatoria ao BOP da Coruña.

Para efectos informativos, o texto da convocatoria publicárase na web municipal (<https://www.coruna.gal/vivienda/es/subvenciones/2-programa-ayudas-para-rehabilitacion-a-nivel-de-barrio-del-prtr?argldioma=es>), na sede electrónica e no Portal de Transparencia do Concello da Coruña.

11.2.2. Instrución.

11.2.2.1. Cada solicitude xerará, no momento do seu rexistro, un número de expediente.

Unha vez admitidas as solicitudes, introdúzanse os datos dos solicitantes na plataforma habilitada para ese fin polo Ministerio (CoFFEE) e deberase realizar a análise de risco de conflito de interese a través da ferramenta informática MINERVA, nos termos establecidos na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Para estes efectos, a dirección da área de Urbanismo (onde se engloba a Oficina municipal de rehabilitación) dará traslado ao responsable da operación das solicitudes admitidas no proceso (nome completo e NIF) e da relación nominal dos membros dos órganos decisores que intervirán no procedemento, no cal constarán o nome completo e o NIF. Inclúirase, así mesmo, aos membros do Servizo de Rehabilitación/Oficina municipal de Rehabilitación e da comisión de valoración que intervirán no procedemento de valoración de cada unha das solicitudes. Asimesmo, remitírase o DACI de cada unha destas persoas.

Unha vez comprobada a inexistencia de conflito de interese ou liquidado este, conforme o previsto no ordinal 21, procederase á revisión da documentación para a súa ordenación.

11.2.2.2. Comisión de Valoración.

A efectos da tramitación das solicitudes de subvención, estas ordenaranse de conformidade coa puntuación obtida unha vez aplicados os criterios de clasificación do ordinal 9.

A avaliación das solicitudes de subvención realizarase por unha comisión de valoración, que é o órgano colexiado a que se refire o artigo 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e regularase polo establecido nos artigos 15 a 18, 23 e 24 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público.

Esta comisión será nomeada pola persoa titular da Concellería Delegada da Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda, e estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: Xefe/a de Servizo de Rehabilitación e vivenda ou, se é o caso, persoa que a supla.
- Vogais: Dous técnicos/as municipais pertencentes ao subgrupo A1/A2 e adscritos/as ao Servizo de Rehabilitación e Vivenda.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

- Secretaría: Un/a funcionario/a pertencente ao subgrupo A1, A2, C1 ou C2 e adscrito/a ó Servicio de Rehabilitación e Vivenda.

No caso de que non se poida aplicar algún criterio de clasificación por non achegar a persoa solicitante e/ou non estar en poder da administración municipal, antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, a documentación necesaria para acreditar o cumprimento do dito criterio sinalada no ordinal 9.3, a puntuación asignada ao mesmo será cero (0).

A comisión de valoración, a través do órgano instrutor, poderá requirir as persoas solicitantes da subvención a información ou documentación adicional aclaratoria á presentada que, non estando en poder da administración municipal, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

Unha vez avaliadas as solicitudes recibidas, a Comisión de Valoración elaborará a acta en que se concrete o resultado da valoración.

Para efectos informativos, esta acta publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello da Coruña, polo prazo de dez días hábiles e na web municipal..

11.2.2.3. Unha vez establecida a prelación das solicitudes de conformidade cos criterios de valoración establecidos no ordinal 9 procederase á súa tramitación polo dito orde ata o esgotamento do crédito.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, practicarase un único requirimento ás persoas interesadas para que emenden a falta ou presenten os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de 10 días, co apercibimento de que, de non facelo, teráselles por desistidas da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera momento do procedemento, o órgano instrutor poderá requirir á persoa ou entidade solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento e solicitará os informes pertinentes para comprobar que as solicitudes cumpren os requisitos esixidos polas bases reguladoras, por esta convocatoria e pola demais normativa aplicable.

11.2.2.4. Proposta de resolución. O Servizo Municipal de Rehabilitación e Vivenda, como órgano instrutor, comprobará que as solicitudes cumpren os requisitos esixidos na normativa reguladora das axudas e realizará, de oficio, cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos. Á vista do expediente, do informe de avaliación, formularáselle a proposta de resolución ao órgano competente, de acordo co artigo 21 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

11.2.3. Resolución.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

11.2.3.1. A resolución dos expedientes de axudas corresponde á Xunta de Goberno Local ou, no seu caso, por razón da contía, á persoa titular da Concellería Delegada da Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda do Concello da Coruña, por delegación da Xunta de Goberno Local.

11.2.3.2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución deste procedemento será de seis (6) meses, contados desde a data de presentación da solicitude que inclúa a documentación relacionada no ordinal 10. Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, as persoas ou entidades solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo. A resolución do procedemento notificarase ás persoas interesadas de conformidade co art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro. En virtude do disposto nos artigos 17.3.b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, xeneral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) a información requirida por esta.

11.2.3.3. A resolución estimatoria indicará a persoa ou entidade beneficiaria, as actuacións subvencionables, o custo elixible, a contía da subvención concedida, as condicións que se deberán cumprir para a execución da obra, o seu prazo de finalización e de xustificación e, no seu caso, a procedencia do financiamento da axuda con cargo aos fondos europeos do PRTR coa colaboración do Goberno de España, nos termos especificados no artigo 4.1.f) do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, así como os requisitos relativos á información, a comunicación e a visibilidade.

11.2.3.4. En aplicación do artigo 125. 3 c) do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, en concordancia co disposto no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, a resolución de concesión, que operará como "Documento que establece as condicións da axuda" (DECA), deberá ser aceptada expresamente pola persoa destinataria no prazo de dez días, a contar desde o día seguinte ao da notificación da mesma, nos termos estipulados no documento normalizado dispoñible nesta convocatoria (Anexo XI), entendéndose que se renuncia á mesma se non se envía dita aceptación en prazo.

En calquera momento anterior á proposta de resolución do procedemento de subvencións, as persoas ou entidades interesadas poderán desistir das súas solicitudes. Esta desistencia aceptarase de pleno pola administración concedente, declarando concluso o procedemento.

Segundo o ordinal vixésimo sétimo da resolución do 8 de xullo de 2022, o Concello comunicará, trimestralmente, ao IGVS as subvencións solicitadas, concedidas e pagadas con cargo a este programa do PRTR.

11.2.4. Recursos.

A resolución de concesión ou denegación de subvención pon fin á vía administrativa, e contra a mesma poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que estimen procedente:



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

- a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes.
- b) Directamente recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña no prazo de dous meses.

Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto de forma expresa ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

11.2.5. Tramitación do pagamento da subvención.

11.2.5.1. No prazo de quince (15) días hábiles, contado desde a finalización do prazo máximo concedido para a súa execución na resolución de concesión ou, se é anterior, desde a finalización das obras, as persoas solicitantes da subvención deberán comunicar a execución e presentar a documentación xustificativa das actuacións realizadas.

11.2.5.2. De conformidade cos ordinais vixésimo primeiro e vixésimo sexto da Resolución do IGVS do 8 de xullo de 2022, antes de proceder ao pago da axuda, o órgano instrutor deberá verificar ademais dos requisitos previstos na normativa reguladora das subvencións para a xustificación e pagamento das axudas, o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e coas esixencias establecidas na resolución de concesión, no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, e na Resolución do IGVS do 8 de xullo de 2022.
- b) Que para a súa execución contaron con todas as autorizacións necesarias.
- c) Que os pagamentos efectivos das facturas e os documentos bancarios de pagamento das ditas actuacións foron realizados polas persoas ou polas entidades beneficiarias que figuraban na resolución de concesión.
- d) Que consta o correspondente certificado de final de obra.
- e) Que consta o certificado de eficiencia enerxética de cada edificio ou vivenda unifamiliar previo á intervención debidamente inscrito no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios de Galicia (RGEEE).
- f) Que consta o certificado de eficiencia enerxética dos edificios ou das vivendas unifamiliares xa finalizados ou finalizadas emitido e debidamente rexistrado, que confirme os obxectivos de aforro en consumo enerxético comprometidos.
- g) Que consta, de ser o caso, a documentación acreditativa da retirada do edificio obxecto de actuación daqueles produtos de construción que conteñan amianto conforme co previsto no artigo 11.1.c) do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro.
- h) Que a persoa ou entidade beneficiaria, así como as persoas beneficiarias individuais, atópanse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade social. Así mesmo, verificaranse todos os requisitos recollidos nos artigos 13 da Lei



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

38/2003, do 17 de decembro, xeneral de subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11.2.5.3. O órgano instrutor procederá a comprobar os ditos requisitos antes de elaborar os informes de aboamento e realizará as xestións oportunas na plataforma CoFFEE ata a súa completa xustificación ante o Ministerio.

11.2.6. Modificación da resolución.

11.2.6.1. Toda alteración das circunstancias tidas en conta para resolver a concesión da subvención ou, no seu caso, a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas, fóra dos casos permitidos polas bases reguladoras e nesta convocatoria, poderá dar lugar, previa tramitación do correspondente procedemento, á modificación dos termos e do sentido da resolución, sempre que non supoñan un incumprimento que dese lugar ao reintegro da axuda. En ningún caso poderá supoñer unha modificación á alza da axuda recoñecida.

11.2.6.2. En todo caso, a modificación da resolución de concesión realizarase nos termos do artigo 35 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

12. OBRIGAS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS

Ademais das recollidas nos artigos 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia as persoas e as entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:

- Executar as actuacións subvencionadas dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión, cumprindo as condicións e prescricións establecidas na mesma, no Real decreto 853/2021, na Resolución do 8 de xullo de 2022 e na presente convocatoria.
- Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a correcta execución da actuación presentando os documentos sinalados nesta convocatoria.
- Comunicar de inmediato, mesmo durante a tramitación da solicitude, ao Servizo de Rehabilitación/Oficina municipal de rehabilitación do Concello da Coruña, calquera modificación das condicións que poidan motivar ou tivesen motivado o recoñecemento da subvención e que puidese determinar a perda sobrevinda do dereito á axuda e ademais, en particular, a execución de actuacións diferentes das recollidas no orzamento subvencionable autorizado polo Concello, así como a variación dalgún dos axentes responsables da execución das obras (dirección facultativa, empresa construtora etc.).

A non comunicación destas modificacións será causa suficiente para o inicio dun expediente de reintegro das cantidades que puidesen cobrarse de xeito indebido.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

- d) Permitirlle ao Concello e/ou ao IGVS e ao Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana a realización das inspeccións e comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados e/ou o destino da subvención concedida e as que se deriven da normativa aplicable á xestión de axudas financiadas cos fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) núm. 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o MRR, «Regulamento do MRR», e demais disposicións que articulen o MRR e o PRTR.
- e) Adoptar as medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de intereses e o dobre financiamento, a través do plan antifraude propio do Concello da Coruña, especialmente no referido á canle de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude (https://www.coruna.gal/descarga/1453877635640/PIMAC-2024_web.pdf)
- f) Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ter pendente de pagamento algunha outra débeda ou sanción de natureza tributaria coa administración pública da comunidade autónoma nin co Concello da Coruña no momento en que se aboan as subvencións.

Tendo en conta as particularidades destas subvencións, o cumprimento desta obrigación acreditarase mediante declaración responsable nos casos en que o importe individual da axuda por persoa beneficiaria non supere os 10.000 € conforme ao previsto no artigo 63.c) do Real decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro.

Nos supostos previstos no ordinal 6.5.2 e 3, a declaración responsable deberá presentarse por cada persoa integrante da entidade que carece de personalidade xurídica que estea interesada en solicitar a subvención, tal e como se prevé no anexo II.

- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un período de cinco anos a partir do pago do saldo ou, a falta do devandito pago, da operación, incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. O citado período será de tres anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.
- h) Subministrar ao Concello da Coruña, previo requirimento, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento dos deberes previstos no título I da citada lei.
- i) Cumprir as obrigacións de información, comunicación, publicidade e difusión establecidas no artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 e a normativa europea e nacional que o desenvolva. Por iso, como perceptores de fondos da Unión Europea farán mención á orixe deste financiamento e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando cumpra,



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE VIVIENDA Y AGENDA URBANA



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique "Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU" e o logotipo oficial do Plan de recuperación, transformación e resiliencia do Reino de España, en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

Toda referencia en calquera medio de difusión á actuación obxecto das axudas deberá cumprir cos requisitos que figuren nas obrigas de comunicación, publicidade e difusión dos beneficiarios e xestores do Mecanismo de recuperación e resiliencia, as cales poden consultarse no Manual de comunicación para xestores e beneficiarios do PRTR, na ligazón referenciada:

<https://www.fondoseuropeos.hacienda.gob.es/sitios/dgpmrr/es-/Documents/MANUAL%20DE%20COMUNICACI%C3%93N%20PARA%20LOS%20GESTORES%20DEL%20PLAN.pdf>

Incorporarase a imaxe institucional da Xunta de Galicia, nos termos do Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia, e a imaxe corporativa do Concello da Coruña.

- j) Durante a execución das actuacións obxecto de subvención, a persoa beneficiaria deberá colocar un cartel temporal, panel ou lona de tamaño significativo (mínimo A3) no mesmo enclave das actuacións e nun lugar o máis visible posible para o público, dun material que soporte as inclemencias do tempo e garanta a lexibilidade do contido durante toda a execución da obra ata a súa finalización.

Unha vez finalizada a obra, nun prazo non superior a tres meses, colocarase un cartel permanente (formato placa ou similar), por un período de, polo menos, 4 anos; cun tamaño adecuado (mínimo A4) e as mesmas esixencias de visibilidade e durabilidade; para maior coñecemento da cidadanía.

O modelo dos carteis será o que figura no Anexo XVI.

- k) Cumprir na execución das actuacións subvencionables coa normativa ambiental comunitaria, nacional e autonómica e, en particular, co principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente» (principio do non significant harm - DNSH), respecto a os seis obxectivos ambientais definidos no Regulamento (UE) núm. 2020/852 (mitigación do cambio climático; adaptación ao cambio climático; uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños; transición cara a unha economía circular, incluídos a prevención, reutilización e a reciclaxe de residuos; prevención e control da contaminación; e protección e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas).



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

As actuacións que se leven a cabo respectarán o principio DNSH en cumprimento co disposto no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, e a súa normativa de desenvolvemento, en particular o Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e a Guía técnica da Comisión Europea (2021/C 58/01) sobre a aplicación deste principio, así como co requirido na Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España e o seu documento anexo.

A entidade beneficiaria da axuda garantirá o pleno cumprimento do principio DNSH e, no seu caso, a etiquetaxe climática e dixital, de acordo co previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aprobado polo Consello de Ministros o 27 de abril de 2021 e polo Regulamento (UE) núm. 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como co requirido na Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España.

- l) Someterse ás actuacións de comprobación e control que deba efectuar o órgano concedente ou a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención General de la Administración General del Estado, o Tribunal de Cuentas, o Consello de Contas, así como ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) núm. 2021/241 do MRR e o Regulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión. En particular, deberán autorizar á Comisión Europea, á Oficina Europea de Lucha contra el Fraude (OLAF), ao Tribunal de Cuentas Europeo, e cando cumpra, á Fiscalía Europea a exercer os dereitos que recoñece o artigo 129, punto 1, do referido regulamento financeiro.

As persoas e entidades beneficiarias deberán achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

- m) As demais obrigas que derivan desta convocatoria, do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro; da Resolución do 8 de xullo de 2022; da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, así como a normativa da Unión Europea aplicable para a certificación dos fondos europeos e desta convocatoria.
- n) Establecer mecanismos que garantan que as actuacións a realizar por terceiros contribúan á consecución das actuacións previstas e que ditos terceiros faciliten a información que, no seu caso, sexa necesaria para determinar o cumprimento das obrigas determinadas pola compoñente do PRTR de aplicación na execución das actuacións obxecto de concesión de subvención en relación a: "Fitos" e "obxectivos", criterios de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, criterios dos posibles impactos



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

negativos significativos sobre o medio ambiente (non facer dano significativo, DNSH), identificación do destinatario final dos fondos, ben como beneficiario da axuda, ben como adxudicatario dun contrato ou subcontratista, así como a identificación das actuacións de comunicación relacionadas coas obrigacións do PRTR.

13. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E ABOAMENTO FINAL.

13.1. As persoas e as entidades beneficiarias deberanlle comunicar ao Servizo de Rehabilitación/Oficina municipal de rehabilitación a finalización das obras previstas na resolución de concesión e presentar a documentación xustificativa das actuacións realizadas. A comunicación final realizarase mediante a presentación do anexo XII desta convocatoria, xunto coa documentación correspondente indicada nos puntos seguintes.

13.2. A comunicación da execución final das actuacións deberase realizar nun prazo máximo de 15 días hábiles desde a finalización do prazo máximo concedido para a súa execución na resolución de concesión ou, se é anterior, desde a finalización das actuacións, e a súa xustificación deberá vir acompañada da seguinte documentación, de forma individualizada, que non se presentase con anterioridade:

a) Anexo XII: Aboamento parcial ou final

b) Documentación técnica, asinada por técnico competente, xustificativa de ter alcanzado os requisitos establecidos no punto 4 desta convocatoria polas actuacións de mellora ou rehabilitación para as que se solicita a subvención e tras a súa execución, co seguinte contido mínimo:

1. Memoria explicativa das actuacións realizadas, declarando que se alcanzaron os requisitos conforme a documentación achegada xunto á solicitude inicial ou, se é o caso, coas modificacións que se describan no certificado final das obras conforme ao disposto no último punto deste epígrafe.
2. Certificación final das obras executadas, indicando o grao de execución das partidas definidas na documentación técnica inicial e aquelas outras que se tiveron que introducir durante a súa execución; asinada por algunha das persoas técnicas que formen parte da dirección facultativa cuxo nomeamento conste no expediente correspondente ao seu título habilitante ou, no seu defecto, pola empresa/s contratista/s.

En calquera caso e coa finalidade de determinar o custo subvencionable conforme ao ordinal 5.1, a memoria conterá unha comparativa do orzamento concedido (determinado polo orzamento contido no documento técnico presentado para a súa autorización municipal, ou o da oferta elixida no caso de ser inferior) e o custo efectivo das actuacións subvencionables executadas (de conformidade coa certificación final das obras executadas). Cando na



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



determinación do custo efectivo figuren partidas (medicións e prezos) que non estaban recollidas no orzamento concedido deberá reflectirse de forma expresa a que partidas substitúen, de modo que se poida determinar a correspondencia entre ambas, así como coas descritas no CEE.

3. Xustificación da redución do consumo de enerxía primaria non renovable obtida, expresada porcentualmente e con referencia ás certificacións enerxéticas achegadas.
4. Xustificación da redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración da vivenda unifamiliar ou do edificio obtida, expresada porcentualmente e con referencia ás certificacións enerxéticas achegadas.

No suposto de edificios catalogados, polas súas limitacións de actuación sobre a envolvente, a dita xustificación limitarase ao cumprimento dos valores límite de transmitancia térmica e de permeabilidade ao aire establecidos na táboa 3.1.1.^a – HE1 e 3.1.3.^a – HE1, do DB HE do CTE en relación cos elementos da envolvente sobre os que se interveña, quedando eximidos do dito cumprimento aqueles elementos construtivos do edificio que contén con protección singularizada a través das determinacións particulares recollidas na normativa de protección e/ou catalogación, e/ou incluídos no punto de Catalogación de elementos da ficha de catalogación do inmovible.

5. Certificado de eficiencia enerxética obtido unha vez rematadas as actuacións e realizado co mesmo programa recoñecido de certificación que o utilizado para o certificado previo á intervención, suscrito por persoa técnica competente, no que se acredite o cumprimento dos requisitos establecidos para a obtención da axuda, e inscrito no RGEER con data de rexistro posterior á execución das obras. Para acreditar a súa inscrición, achegarase xunto ao CEE correspondente a etiqueta de eficiencia enerxética.
6. Certificado da instalación térmica, se é o caso, suscrito polo director da instalación ou instalador autorizado, rexistrado na consellaría competente en materia de industria.
7. Xustificación do cumprimento dos requisitos establecidos no apartado 4 desta convocatoria referidos á xestión de residuos, conforme ao plan de xestión de residuos, acompañada dun certificado do xestor de residuos ou documento que certifique que se reutilizou ou reciclou polo menos o 70 % dos residuos xerados durante a execución das obras.
8. Xustificación de que as actuacións de mellora ou rehabilitación executadas e as técnicas de construción empregadas apoian a circularidade, certificando o cumprimento da normativa aplicada (referencia á norma ISO 20887 ou concretando outra equivalente).



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

9. Xustificación sobre a retirada de amianto identificado, certificando que o edificio ou, polo menos, o ámbito obxecto da actuación, queda libre de amianto e achegando documento de identificación dos ditos residuos proporcionado polo correspondente xestor autorizado e inscrito no Rexistro de Empresas con risco por amianto da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta xustificación non será precisa no suposto de que, xunto á solicitude da subvención, se achegue declaración expresa da ausencia de amianto no edificio ou, polo menos, no ámbito obxecto da actuación.
10. Reportaxe fotográfica en cor das obras executadas, onde se mostre o cartel publicitario de carácter permanente. No caso de existir dirección técnica da súa execución, deberá vir asinado por algún dos técnicos que formen parte da dirección facultativa cuxo nomeamento conste no expediente correspondente ó seu título habilitante.
11. Xustificación da finalización da execución das actuacións, mediante certificado final das obras asinado polos técnicos que formen parte da dirección facultativa cuxo nomeamento conste no expediente correspondente ao seu título habilitante ou, no seu defecto, declaración responsable da súa execución asinada pola empresa/s contratista/s.

No caso de que o certificado final de obras reflicta que se produciron modificacións substanciais durante a construción, o órgano instructor comprobará que estas contén co título habilitante dentro do prazo de xustificación da axuda.

c) Relación certificada e copia dos contratos relativos ás actuacións realizadas.

No caso de que haxa varios contratos, deberá presentar unha listaxe ou táboa en que se indiquen todos os contratos realizados, indicando a que parte da actuación do orzamento corresponde, asinada polo beneficiario da axuda. Se non hai contrato asinado deberase achegar o orzamento aceptado por ambas as partes.

d) Memoria económica xustificativa do custo das actuacións realizadas coa relación clasificada de gastos que inclúa a relación certificada e copia das facturas e dos seus correspondentes xustificantes bancarios de pagamento, relativos ao investimento realizado e que respondan ao orzamento e contratos presentados.

As facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome, razón social, dirección e NIF do emisor da factura; nome, dirección e NIF do destinatario; data de expedición; descrición detallada do concepto; IVE desagregado; e demais requisitos esixidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Na descrición do concepto, deberán quedar claramente definidos os produtos adquiridos e/ou os servizos realizados, debendo indicar na factura, neste último caso, a dirección na que se realiza ou presta o servizo.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

Os pagamentos deberanse acreditar a través de xustificantes bancarios (transferencia bancaria ou certificación bancaria) onde estean claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, así como a data e o concepto; non se admitirán como xustificantes os documentos acreditativos de pagamentos obtidos a través de internet se non están validados pola entidade bancaria ou se non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade.

Non se admitirán os pagamentos nin os ingresos en efectivo.

- e) Certificado emitido pola entidade bancaria no que conste o número de conta (IBAN) a nome da persoa ou entidade beneficiaria, no caso de que se modifique a conta bancaria achegada coa solicitude.

13.3. A documentación presentarse na mesma forma que a solicitude e a documentación complementaria.

13.4. Transcorridos os prazos indicados neste ordinal 13 sen que as persoas ou entidades beneficiarias presenten a documentación xustificativa, o órgano instrutor llela requirirá para que a acheguen nun prazo improrrogable de dez días hábiles.

13.5. Cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada pola persoa beneficiaria, poñerá no seu coñecemento concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Durante a comprobación da adecuada xustificación da subvención poderanse solicitar aclaracións sobre os documentos presentados ao efecto ou requirir a presentación doutros complementarios.

Se as certificacións de encontrarse ao día no cumprimento das obrigas tributarias e a Seguridade social non están vixentes no momento previo ao recoñecemento da obriga ou ao pagamento da subvención, as persoas interesadas deberán achegalas de novo nesta fase do procedemento, no caso de que non autorizasen a súa consulta ou, no seu caso, manifestasen a súa oposición a ela.

13.6. Unha vez efectuada a comprobación da documentación relacionada nos puntos anteriores e do cumprimento dos requisitos previstos no punto 11.2.5.2, o persoal técnico do Servizo de Rehabilitación e Vivenda emitirá informe sobre a correcta execución das actuacións subvencionables, e naqueles supostos nos que o importe da subvención concedida supere os 60.000 € ou se trate de obras que non contasen con dirección técnica, realizará unha visita de inspección ao inmovible.

13.7. Tras a elaboración do citado informe técnico, o órgano instrutor emitirá un informe que, de ser favorable respecto da documentación presentada e da correcta execución das obras, dará lugar á resolución de aboamento.

A subvención aboarase mediante transferencia bancaria no número de conta sinalado para estes efectos no modelo de solicitude ou, se é o caso, no anexo XII, o que se deberá



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

acompañar de certificado acreditativo da titularidade da conta emitido pola entidade bancaria en que conste o número da conta (IBAN) a nome da persoa ou entidade beneficiaria.

Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada e mantén a súa coherencia cos obxectivos e requisitos establecidos.

Do mesmo xeito, minorarase a subvención estimada ou concedida no caso de non cumprir coa redución do consumo de enerxía primaria non renovable previsto inicialmente e sempre que se garanta o mínimo establecido de polo menos un 30%, xa que de non ser o caso, se perdería o dereito ao cobramento da subvención.

En ningún caso o orzamento total xustificado poderá superar o orzamento obxecto de aprobación da subvención. Aqueles excesos declarados non serán tidos en conta pola Administración.

13.8. O dereito ao aboamento da subvención concedida prescribirá transcorrido o prazo dun mes desde a data de finalización do prazo previsto para a execución da obra, que se estableza na resolución de concesión da subvención, sen que se presentase a documentación establecida neste ordinal 13, ou desde a finalización do prazo de requirimento de emenda da documentación presentada.

14. XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO PARCIAL OU Á CONTA.

14.1. Segundo o apartado vixésimo sexto da Resolución do IGVS do 8 de xullo de 2022, a convocatoria pode prever o aboamento en forma de pagamentos á conta, que son pagamentos parciais ou fraccionados que responden ao ritmo de execución das actuacións subvencionables e que permiten o aboamento pola contía equivalente á xustificación presentada.

14.2. As persoas e as entidades beneficiarias poderán solicitar o aboamento á conta, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- Que se executase, polo menos, o 50% das actuacións,
- Que se constituía unha garantía bancaria ou unha garantía equivalente, que corresponda ao 110 % do importe que se solicita aboar á conta, a disposición do órgano concedente, nas modalidades e coas características e requisitos establecidos no Real decreto 937/2020, do 27 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, nos termos do ordinal 15.3.
- Que a solicitude veña acompañada da seguinte documentación, de forma individualizada, que non se presentase con anterioridade:

a) Anexo XII: comunicación parcial ou final das actuacións



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



- b) Memoria económica xustificativa do custo das actuacións realizadas, na que se faga constar a execución de, polo menos, o 50% das actuacións. Conterá a relación clasificada de gastos polas actuacións realizadas; coas correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, onde consten a identificación da persoa acreedora, o seu importe e a súa data de emisión, así como os documentos que xustifiquen o seu pagamento. Para estes efectos, o seu pagamento deberase xustificar mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificadas, seladas e asinadas pola persoa ou entidade solicitante, que xustifiquen o aboamento da porcentaxe de actuación realizada..
- c) Memoria técnica explicativa das obras realizadas, conforme a documentación técnica presentada para a obtención do título habilitante, así como certificación parcial das obras executadas, asinada por algunha das persoas técnicas que formen parte da dirección facultativa cuxo nomeamento conste no expediente correspondente ao seu título habilitante ou, no seu defecto, pola empresa/s contratista/s.
- d) Fotografías en cor que mostren o avance das obras realizadas e o cartel temporal. No caso de existir dirección técnica da súa execución, deberá vir asinado por algún dos técnicos que formen parte da dirección facultativa cuxo nomeamento conste no expediente correspondente ao seu título habilitante.
- e) Certificado emitido pola entidade bancaria no que conste o número de conta (IBAN) a nome da persoa ou entidade beneficiaria, no caso de que se modifique a conta bancaria achegada coa solicitude.
- f) Copia da garantía presentada na Caixa Xeral de Depósitos e copia do xustificante de rexistro de presentación na Caixa Xeral de Depósitos

14.3. Cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables na documentación presentada pola persoa beneficiaria, poñerá no seu coñecemento concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a súa emenda.

Se as certificacións de encontrarse ao día no cumprimento das obrigas tributarias e a Seguridade social non están vixentes no momento previo ó recoñecemento da obriga ou ó pagamento parcial da subvención, as persoas interesadas deberán achegalas de novo nesta fase do procedemento, no caso de que non autorizasen a súa consulta ou, se é o caso, manifestasen a súa oposición a ela.

14.4. Unha vez efectuada a comprobación da documentación antes relacionada e do cumprimento dos requisitos legalmente previstos, e tras a elaboración do informe técnico correspondente, o órgano instrutor emitirá un informe que, de ser favorable respecto da



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Concello da Coruña

documentación presentada e da correcta execución parcial das obras, dará lugar á resolución de aboamento á conta.

A subvención aboarase mediante transferencia bancaria no número de conta sinalado para estes efectos no modelo de solicitude ou, se é o caso, no anexo XII, o cal se deberá acompañar de certificado acreditativo da titularidade da conta emitido pola entidade bancaria na que conste o número da conta (IBAN) a nome da persoa ou entidade beneficiaria.

15. PAGAMENTO ANTICIPADO. Segundo o apartado vixésimo sexto da Resolución do IGVS do 8 de xullo de 2022, a convocatoria pode prever o aboamento en forma de anticipo.

De xeito excepcional, e para os efectos de garantir a viabilidade das actuacións subvencionadas, poderanse autorizar pagamentos anticipados de forma motivada.

15.2. Efectuarase un único pagamento anticipado e será como máximo do 80% da subvención total e co límite da consignación orzamentaria anual, previa presentación das garantías establecidas no Real decreto 937/2020, do 27 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que a actuación subvencionable estea iniciada e executada nunha porcentaxe non inferior ao 25 % da súa totalidade.
- b) Que non superen o 80 % do importe total da axuda concedida á persoa ou entidade beneficiaria.
- c) Que se destinen exclusivamente a cubrir gastos da actuación obxecto da subvención e se xustifiquen adecuadamente.
- d) Que os destinatarios últimos destes anticipos acrediten que se encontran ao día no pagamento das obrigas de reembolso doutros anticipos concedidos anteriormente con cargo aos créditos especificamente consignados para a xestión de fondos europeos nos orzamentos xerais do Estado, de acordo co establecido no artigo 61.3 do Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, e nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

15.3. A solicitude de anticipo de pagamento estará condicionada á previa constitución dunha garantía bancaria ou dunha garantía equivalente, que corresponda ao 110 % do importe que se solicita anticipar, á disposición do órgano concedente, nas modalidades e coas características e requisitos establecidos no Real decreto 937/2020, do 27 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.

Unicamente serán admisibles as garantías nas seguintes modalidades:

- Avais prestados por entidades de crédito, establecementos financeiros de crédito ou sociedades de garantía recíproca.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

- Seguros de caución outorgados por entidades aseguradoras.
- Valores de débeda do Estado.

A constitución das garantías mediante avais, seguros de caución ou valores de débeda pública quedará acreditada polo xustificante que expida a caixa.

As garantías deberanse constituír na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais, encadradas nas delegacións de Economía e Facenda. Esta garantía liberarase cando se recoñeza o dereito definitivo a percibir o importe anticipado. Seguirase a tramitación prevista no Real decreto 937/2020 para a cancelación e devolución das garantías.

15.4. As persoas e entidades beneficiarias que cumpran os requisitos para solicitar anticipo presentarán dentro dos prazos de execución das obras estipulados na Resolución de concesión das axudas a seguinte documentación:

- a) Anexo XIII: Solicitud de anticipo.
- b) Memoria técnica explicativa das obras realizadas (polo menos o 25 %), conforme a documentación técnica presentada para a obtención do título habilitante. Cando exista dirección técnica, acompañarase de certificación parcial das obras executadas, asinada por algún dos técnicos que formen parte da dirección facultativa cuxo nomeamento conste no expediente correspondente ao seu título habilitante.
- c) Fotografías en cor que mostren o avance das obras realizadas e o cartel temporal. No caso de existir dirección técnica da súa execución, deberá vir asinado por algún dos técnicos que formen parte da dirección facultativa cuxo nomeamento conste no expediente correspondente ao seu título habilitante.
- d) Certificado emitido pola entidade bancaria na que conste o número de conta (IBAN) a nome da persoa ou entidade beneficiaria, no caso de que se modifique a conta bancaria achegada coa solicitude.
- e) Copia da garantía presentada na Caixa Xeral de Depósitos e copia do xustificante de rexistro de presentación na Caixa Xeral de Depósitos.
- f) Declaración responsable do representante da persoa ou entidade beneficiaria no que se xustifique a necesidade do anticipo para a viabilidade da actuación, con indicación do investimento que esixe pagamentos inmediatos.

Se as certificacións de encontrarse ao día no cumprimento das obrigas tributarias e a Seguridade social non están vixentes no momento previo ao recoñecemento da obriga ou ao pagamento anticipado da subvención, as persoas interesadas deberán achegalas de novo nesta fase do procedemento, no caso de que non autorizasen a súa consulta ou, se é o caso, manifestasen a súa oposición a ela.

15.5. Unha vez efectuada a comprobación da documentación antes relacionada e do



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Concello da Coruña

cumprimento dos requisitos legalmente previstos, e tras a elaboración do informe técnico correspondente, o órgano instrutor emitirá un informe que, de ser favorable respecto da documentación presentada e da correcta execución parcial, se é o caso, das obras, dará lugar á resolución de aboamento anticipado.

A subvención aboarase mediante transferencia bancaria no número de conta sinalado para estes efectos no modelo de solicitude ou, se é o caso, no anexo XIII, que se deberá acompañar de certificado acreditativo da titularidade da conta emitido pola entidade bancaria na que conste o número da conta (IBAN) a nome da persoa ou entidade beneficiaria.

16. CESIÓN DO DEREITO DE COBRAMENTO.

16.1. En aplicación do artigo 83.1 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (RD 887/2006) prevese a posibilidade da cesión de créditos derivados da concesión de subvencións.

As persoas e as entidades beneficiarias poderán ceder o dereito de cobramento da súa subvención (en calidade de cedente) á persoa contratista das obras obxecto desta axuda, ou ao axente ou xestor da rehabilitación, se é o caso (en calidade de cesionario), sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a persoa ou entidade beneficiaria sexa titular dun dereito de crédito fronte á Administración ou entidade concedente como consecuencia da subvención concedida por esta.
- b) A contía obxecto da cesión non poderá ser superior á axuda concedida.
- c) A persoa ou entidade beneficiaria da subvención ten obrigaçión de notificar á Administración a cesión de cada un dos créditos que se ceden, debendo inserirse no título xustificativo a cláusula do endoso.

Neste caso, deberán presentar, xunto coa comunicación da finalización parcial ou total da actuación prevista no ordinal 13, o anexo XIV, debidamente cumprimentado, e o certificado acreditativo da titularidade da conta sinalada para o pagamento do cesionario.

Este anexo deberá vir asinado pola persoa cedente e a cesionaria, asinado por persoa representante, con poder bastante.

Os pagamentos realizados pola administración concedente ao beneficiario, con anterioridade á notificación do acordo de cesión terán efectos liberatorios, quedando o órgano concedente libre da obriga.

- d) Non se poden admitir cesións globais de créditos, debendo formalizarse a cesión de cada un dos créditos a medida que nacen.

16.2. A cesión do dereito de cobramento non afectará as obrigas asumidas polas persoas ou



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

entidades beneficiarias como consecuencia da concesión da axuda, incluídas as de xustificación da subvención, nin ás facultades do Concello da Coruña, sobre a revogación, modificación ou revisión da resolución de concesión e, se é o caso, do reintegro da subvención.

16.3. No caso de cesión do dereito de cobramento da subvención á persoa contratista das obras ou ao axente ou xestor da rehabilitación, a persoa e a entidade beneficiaria estará exenta de presentar os xustificantes de pagamento, previstos no ordinal 13, do importe correspondente a estes dereitos cedidos.

17. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

17.1. De conformidade co disposto no artigo 17 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro e do ordinal trixésimo da Resolución da presidenta do IGVS do 8 de xullo de 2022, as subvencións deste programa serán compatibles con calquera outra axuda pública para o mesmo obxecto, sempre que non se supere o custo total das actuacións e sempre que a regulación das outras axudas xa sexan de ámbito nacional ou europeo o admitan, sendo de aplicación o disposto no artigo 9 do Regulamento (UE) núm. 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, que establece que a axuda concedida no marco do Mecanismo sumárase á proporcionada de acordo cos outros programas e instrumentos da Unión, precisando que as reformas e os proxectos de investimento poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que esta axuda non cubra o mesmo custo, evitando a dobre financiamento entre programas do Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como con outros instrumentos da Unión.

En todo caso, na consecución dos fitos e obxectivos establecidos na Decisión de execución do Consello, do 16 de xuño de 2021, relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, vinculados co desenvolvemento deste programa consideraranse exclusivamente as actuacións financiadas a través do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia de España.

17.2. Non poderán obter o financiamento correspondente a este programa os destinatarios últimos de axudas do "Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de edificio" (programa 3) do PRTR.

17.3. As subvencións deste programa non son compatibles con aquelas outras subvencións concedidas con financiamento municipal, para as mesmas obras.

No caso de que se presentase unha solicitude nesta convocatoria e se comprobase que a dita persoa ou entidade solicitante xa obtivese axuda con financiamento municipal, para as mesmas actuacións, considerárase desistida desta solicitude, por incompatibilidade.

17.4. As subvencións deste programa son compatibles coas axudas do "Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas" (programa 4) e do "Programa de axuda á elaboración do libro do edificio existente para a rehabilitación e a redacción de



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

proxectos de rehabilitación" (programa 5), sempre e cando non se subvencione o mesmo custo ou actuación, evitándose o dobre financiamento ou subvención entre programas do mecanismo de recuperación e resiliencia, xa sexa do Programa de Rehabilitación Residencial ou outros programas financiados polo mesmo mecanismo.

17.5. Cando o proxecto recibise unha subvención con cargo ao "Programa de axuda á elaboración do libro do edificio existente para a rehabilitación e a redacción de proxectos de rehabilitación" (programa 5), regulado no Real decreto 853/2021, descontarase a cantidade recibida ao determinar a contía da subvención con cargo a este programa na forma indicada no artigo 34.2 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro.

17.6. No caso de que as persoas ou entidades beneficiarias, solicitantes dunha axuda con cargo a esta convocatoria, solicitasen subvención no "Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de edificio" (programa 3) do PRTR e se lles comunicase a concesión dela, deberá comunicar ao Servizo de Rehabilitación/Oficina municipal de rehabilitación se renuncia á axuda concedida do programa 3 do IGVS e desexa continuar coa tramitación da solicitude presentada para esta convocatoria ou, polo contrario, se desiste desta última.

Deberase acreditar a renuncia mediante xustificante da solicitude presentada no rexistro correspondente.

18. PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO E REINTEGRO DA SUBVENCIÓN. CRITERIOS DE GRADUACIÓN DE POSIBLES INCUMPRIMENTOS.

18.1. Serán causa de perda de dereito ao cobramento e reintegro da subvención, ademais das previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o incumprimento das obrigas recollidas nos ordinais 12 e 13 desta resolución, así como non executar as obras de conformidade coa licenza ou comunicación previa de obras ou non cumprir as condicións recollidas nela, de tal forma que resulte imposible a súa legalización dentro do prazo de xustificación da axuda.

Así mesmo, poderá ser causa de perda da subvención a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación das circunstancias determinantes do recoñecemento da subvención.

18.2. O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, así como o incumprimento de calquera outro aspecto da normativa que estea vinculada ao PRTR, conforme ao artigo 7. Sétima da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, comportará, así mesmo, o incremento do reintegro da subvención percibida co xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

18.3. A perda do dereito á percepción da axuda outorgada levará consigo, se é o caso, o reintegro das cantidades aboadas ata ese momento, incrementadas cos xuros de demora desde a data do seu pagamento.

18.4. Conforme ao artigo 36.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os membros da comunidade de persoas propietarias e as persoas propietarias de edificios formalmente agrupadas que non outorgasen o título constitutivo de propiedade horizontal responderán solidariamente da obriga de reintegro, en proporción á súa respectiva participación na actuación.

18.5. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e, se é o caso, para facer efectiva a devolución, será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

18.6. Se o aforro do consumo de enerxía primaria non renovable finalmente obtido por comparación entre os certificados de eficiencia enerxética do edificio antes e despois da actuación, realizados ambos co mesmo programa recoñecido de certificación, resultase inferior ao estimado inicialmente no proxecto, a contía da subvención axustarase ao nivel de aforro realmente obtido, segundo o disposto nas táboas 5.2 ou 5.3 desta convocatoria, segundo lle corresponda. Se o aforro de consumo de enerxía primaria non renovable finalmente obtido fose inferior ao 30 %, ou non se cumprisen as esixencias relativas á redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración mínima do 25% establecidas no artigo 14 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, ou calquera outra esixencia das establecidas no citado real decreto, na Resolución do 8 de xullo de 2022 ou nesta convocatoria, a axuda sería revogada.

18.7. O incumprimento ou cumprimento parcial das condicións establecidas no Regulamento 2021/241 que define o principio de DNSH ou do Regulamento (UE) 2020/852 de Taxonomía, provocará a obriga do reintegro total que se lle asignase.

19. NOTIFICACIÓNS.

19.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora, recollida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cuxo artigo 14 inclúe os colectivos obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo.

As notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal/sede/gl/tramites-e-servizos-electronicos/notificaciones-electronicas>). Para poder acceder ás notificacións electrónicas, é necesario utilizar un certificado electrónico (ou DNI-e) ou clave concertada.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

19.2. As notificacións que se practiquen aos que se relacionen electronicamente coa administración, entenderanse practicadas no momento do acceso ao seu contido, e rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedese a elas.

19.3. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

20. CONTROL E LOITA CONTRA A FRAUDE.

20.1. As persoas beneficiarias destas subvencións e, se é o caso, a persoa cesionaria do dereito de cobramento someteranse ás actuacións de control que realice o Concello da Coruña e/ou o IGVS e o Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e á Intervención Municipal, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Cuentas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, á autoridade de xestión e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Cuentas Europeo e ás verificacións do artigo 22 do Regulamento (UE) núm. 241/2021.

20.2. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención General de la Administración del Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/CA-UACI/SNCA/Paginas/ComunicacionSNCA.aspx>. Sen prexuízo do anterior, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI), así como a canle de denuncias municipal.

20.3. No control e loita contra a fraude o Concello da Coruña actuará de conformidade co establecido no seu Plan de integridade e de medidas antifraude na xestión de fondos europeos (PIMAC), accesible na ligazón: https://www.coruna.gal/descarga/1453877635640/PIMAC-2024_web.pdf

21. ANÁLISE SISTEMÁTICO DE CONFLICTO DE INTERESE.

21.1. Estas subvencións están suxeitas á normativa e procedemento en materia de conflito de intereses previstos na disposición adicional centésima décimo segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Concello da Coruña

de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executen o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

21.2. As persoas solicitantes deben presentar unha declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI), debidamente cuberta e asinada (que se corresponde co anexo VI).

21.3. De acordo co que dispón o artigo 3 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, os órganos que deciden estas subvencións (órgano competente para a concesión e membros dos órganos colexiados de valoración de solicitudes) teñen que asinar electrónicamente unha Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI), co contido mínimo que prevé o seu anexo I, respecto dos participantes no procedemento de concesión de subvencións, para que, a través da ferramenta informática MINERVA con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), se analicen as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que poida haber un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de intereses.

21.4. No suposto de subvencións de concorrencia masiva (que se presentasen máis de cen solicitudes), debe seguirse o procedemento previsto no anexo III da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, que prevé as regras para a selección de solicitudes para ser sometidas ao análise de risco de conflito de interese no caso de procedementos de concesión de subvencións de concorrencia masiva.

Cando se trate de subvencións non masivas (menos de cen solicitudes), a análise de risco de conflito de interese realizarase sobre todas as solicitudes.

21.5. O procedemento que hai que aplicar no caso da identificación do risco de conflito de interese será o seguinte:

A) No caso de identificación dunha ou máis bandeiras vermellas. O artigo 6 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, prevé o procedemento que se seguirá neste caso.

Unha vez recibida a información relativa á identificación dun risco de conflito de interese concretado nunha bandeira vermella de MINERVA, no prazo de dous días hábiles, o decisor afectado poderá absterse. Neste caso a análise do risco de conflito de interese volverase levar a cabo respecto de quen substitúa a persoa que, en cumprimento deste proceso, se abstivese no procedemento.

Se a persoa afectada pola identificación dun risco de conflito de interese, concretado nunha bandeira vermella, alegase de forma motivada, ante o seu superior xerárquico, que non recoñece a validez da información, deberá ratificar a súa manifestación de ausencia de conflito de interese, mediante a sinatura, neste momento, dunha nova DACI, cuxa redacción reflicte debidamente a situación formulada e a ausencia de conflito de interese. Todo iso deberá levarse a cabo no prazo de dous días hábiles.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

No caso de que non se producise a dita abstención, a persoa responsable da operación solicitaralle a MINERVA información adicional dos riscos detectados, indicando, como xustificación para a obtención dos ditos datos, que a abstención non se produciu. A información adicional sobre a situación de risco de conflito de interese identificada que proporcione MINERVA non incorporará a identificación de terceiras persoas, senón unicamente unha descrición dos riscos.

Esta información adicional trasladarase pola persoa responsable da operación ao superior xerárquico do decisor.

De oficio ou por instancia do superior xerárquico correspondente, a persoa responsable da operación, poderá, así mesmo, acudir ao Comité Antifraude correspondente (neste caso, a Comisión de avaliación de risco de fraude do Concello da Coruña) para que emita informe, no prazo de dous días hábiles, sobre se, á luz da información dispoñible, procede ou non a abstención no caso concreto.

Pola súa parte, o Comité antifraude poderá solicitar informe coa opinión da unidade da Intervención Xeral da Administración do Estado á que se fai referencia no artigo 8 da Orde HFP/55/2023, para os efectos de emitir o seu informe. Neste caso, a opinión deberase emitir no prazo de dous días hábiles.

Á vista da información adicional proporcionada por MINERVA, da alegación motivada do decisor afectado e se é o caso, do informe do Comité Antifraude, o superior xerárquico do decisor afectado resolverá, de forma motivada:

- Aceptar a participación no procedemento do decisor sinalado na bandeira vermella.
- Ordenar ao decisor sinalado na bandeira vermella que se absteña. Neste caso, o órgano responsable de operación repetirá o proceso, de maneira que a análise do risco de conflito de interese volverase levar a cabo respecto de quen substitúa a persoa que, en cumprimento deste proceso, se abstivese no procedemento.

B) No caso de identificación dunha ou máis bandeiras negras. O artigo 7 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, prevé o procedemento que se vaia seguir no suposto de que para as entidades solicitantes non existan datos de titularidade real nas bases de datos da AEAT.

Nestes supostos, o órgano de concesión das subvencións deberalles requirir ás persoas solicitantes das mesmas para que, no prazo de cinco días hábiles, a partir do día seguinte á notificación do requirimento, acheguen a información da súa titularidade real, coa advertencia de que no caso de falta de entrega desta información dentro do prazo indicado comportará a exclusión do procedemento de concesión destas subvencións.



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
e Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña

Unha vez recibida a información, que será custodiada segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o responsable da operación levará a cabo un novo control do risco de conflito de interese a través de MINERVA, indicando en lugar do solicitante os titulares reais recuperados polo órgano de concesión da subvención.

21.6. En todo caso, o responsable de operación deberá asegurar que os resultados da análise realizada queden rexistrados na aplicación CoFFEE, para os efectos das posibles auditorías que se levará a cabo polas autoridades de auditoría do MRR competentes.

Así mesmo, internamente, a aplicación informática MINERVA almacenará un informe coa información persoal por cada risco detectado, para os efectos dunha posible auditoría.

22. PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.

A publicidade das subvencións realizarase de conformidade co artigo 20.8 da Lei 38/2003 do 7 de novembro xeral de subvencións.

De conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno publicaranse no Portal de Transparencia do Concello da Coruña, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios. (<https://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-la-gestion/subvenciones-y-ayudas>), así como na Base de Datos Nacional de Subvencións, polo que a presentación da solicitude de axudas leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis. Por razón da súa contía, os mesmos datos serán publicados no BOP segundo correspondan. Por outro lado, notificaranse de maneira individual os principais trámites de aprobacións.

23. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos dos solicitantes ou dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto desta convocatoria. A práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, para a conclusión do proceso de subvencións, converte a súa presentación en obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais e o Regulamento xeral europeo de protección de datos 2016/679, do 27 de abril, sendo responsable do seu tratamento o Concello da Coruña, así como os departamentos do IGVS



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Concello da Coruña

e do Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana que traten estes expedientes a nivel autonómico ou estatal, de ser o caso.

A persoa beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición supresión, portabilidade, limitación do tratamento de información e a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas ante o Concello da Coruña.

Para a tramitación do procedemento de exercicio dos dereitos sobre os datos de carácter persoal poderase acceder a través da seguinte ligazón:
<https://sede.coruna.gal/sede/gl/tramites-e-servizos-electronicos/guia-de-procedementos-e-servizos/detalle-de-procedementos/exercicio-de-dereitos-sobre-os-datos-de-caracter-persoal/contenido/1453762232714>)

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento

O concelleiro responsable da Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda




Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



DELIMITACIÓN DOS ÁMBITOS ERRP NO MUNICIPIO DA CORUÑA



Área de Rehabilitación Integral de Cidade Vella e Pescadería, declarada o 14 de novembro de 2003



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Área de Rehabilitación Integral do Grupo de Vivendas María Pita en Labañou, declarada o 22.07.2015



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



XUNTA
DE GALICIA



Concello da Coruña



Área de Rehabilitación Integral do Grupo de Vivendas Casas de Franco en Ventorrillo, declarada o 22.07.2015



Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA





Concello da Coruña

CONCELLERÍA DE URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA
ÁREA DE URBANISMO
SERVIZO DE REHABILITACIÓN E VIVENDA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE VIVIENDA Y AGENDA URBANA



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



Concello da Coruña

ANEXO I. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO DO PRTR PARA OS ERRP DECLARADOS NO CONCELLO DA CORUÑA

ANEXO II. COMPROBACIÓN DE DATOS DAS PERSOAS E ENTIDADES PARTICÍPES NAS OBRAS E INTERESADAS NA SUBVENCIÓN

ANEXO III. CERTIFICADO DA PERSOA SECRETARIA OU ADMINISTRADORA DO ACORDO DA COMUNIDADE DE PERSOAS PROPIETARIAS, DA AGRUPACIÓN DE COMUNIDADES DE PERSOAS PROPIETARIAS OU DA ASEMBLEA DA SOCIEDADE COOPERATIVA

ANEXO IV. CERTIFICADO DA AGRUPACIÓN DE PERSOAS FÍSICAS E/OU PERSOAS XURÍDICAS DE NATUREZA PRIVADA OU DECLARACIÓN DA COMUNIDADE DE BENS, PROPIETARIAS DO EDIFICIO

ANEXO V. DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DO PRINCIPIO DE "NON CAUSAR UN PREXUÍZO SIGNIFICATIVO AO AMBIENTE"

ANEXO VI. DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN E ACTUACIÓNS DO PRTR (DACI)

ANEXO VII. DECLARACIÓN DE COMPROMISO DE CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS TRANSVERSAIS EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DO PRTR

ANEXO VIII. DECLARACIÓN DE CESIÓN E TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN E ACTUACIÓNS DO PRTR

ANEXO IX. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE COMPOSICIÓN DA UNIDADE DE CONVIVENCIA E COMPROBACIÓN DE DATOS DAS PERSOAS FÍSICAS INTERESADAS NA AXUDA ADICIONAL POR SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE ECONÓMICA

ANEXO X. XUSTIFICACIÓN TÉCNICA DE ORZAMENTOS

ANEXO XI. ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN

ANEXO XII. COMUNICACIÓN DA FINALIZACIÓN PARCIAL E FINAL DAS ACTUACIÓNS

ANEXO XIII. SOLICITUDE ANTICIPO

ANEXO XIV. ACORDO DE CESIÓN DO DEREITO DE COBRAMENTO DA AXUDA

ANEXO XV. REPRESENTACIÓN

ANEXO XVI. MODELO DE CARTEL.